

O condutor de autobús
que quería ser Deus

Etgar Keret

O condutor de autobús
que quería ser Deus

Rinoceronte Editora S.L.
Avenida de Galiza, 12
36940 Cangas do Morrazo
GALIZA – 2006
info@rinoceronte.es
www.rinoceronte.es

Título orixinal: *Ha-kaitanab shel Kneller*
(Keter and Zmora Bitan, Tel Aviv, 1998)

© Etgar Keret, 1998
Worldwide Translation Copyright © by
The Institute for the Translation of Hebrew Literature
© da tradución: Moncho Iglesias Míguez, 2006
© desta edición: Rinoceronte Editora, 2006

Edición e maquetación: Moisés Barcia
Revisión e corrección do texto: María Vilasó,
Cristina Felpeto e Raquel Rodríguez
Deseño da colección: Ana E. Tenorio
Tipografía: Garamond 13/15
Papel: Offset editorial marfil de 80 gr fabricado por Torras

ISBN: 84-934801-1-8
Depósito legal: VG-62-2006
Printed in Spain
Impresión e encadernación: Obradoiro Gráfico, S.L.

A reprodución total ou parcial deste libro con fins
comerciais debe solicitarse previamente ao editor.

Tradución do hebreo de
Moncho Iglesias Míguez



A historia do condutor
que quería ser Deus

Esta é unha historia sobre un condutor que nunca lle abría a porta do autobús á xente que chegaba tarde. Non lle abría a porta a ninguén. Nin aos tímidos escolares que corrían ao seu carón e o observaban con miradas tristes, nin aínda menos ás alporizadas persoas vestidas con visóns que petaban con forza na porta coma se chegasen a tempo e fose el o que andase mal, nin sequera ás velliñas cargadas con bolsas de papel marrón cheas de víveres que lle acenaban coa man tremente. E non era por malicia polo que non abría a porta, xa que non había unha pinga de maldade nel; facíao por cuestións ideolóxicas. A ideoloxía do condutor dicía que se, poñamos por caso, a demora ocasionada por agardar a un pasaxeiro atrasado era de medio minuto escaso, e a persoa que quedaba en terra perdía por culpa diso un cuarto de hora da súa vida, seguía sendo máis xusto, para a sociedade, non abri-lle a porta, xa que o medio minuto ese perdíanlo todos e cada un dos pasaxeiros do autobús; e se, poñamos por caso, no autobús había sesenta persoas que non lle fixeran mal a ninguén e que chegaran á parada a tempo, todos eles, en conxunto, perdían media hora, que é o dobre dun cuarto

de hora. Esta era a única causa pola que nunca abría a porta. Sabía que os pasaxeiros non tiñan nin idea do seu razoamento, nin tan sequera aqueles que corrían tras del facéndolle acenos para que abrise. Tamén sabía que moitos deles pensaban simplemente que era un cabrón, e que persoalmente lle resultaría moitísimo máis doado deixalos subir e recibir agradecementos e sorrisos a cambio. Só que se tiña que elixir entre os agradecementos e os sorrisos, ou o ben da sociedade, o condutor non tiña dúbida ningunha: el prefería o mellor para a sociedade.

A persoa que máis sufría a ideoloxía do condutor era Edi, mais el, ao contrario dos outros personaxes do conto, nin sequera tentaba correr tras do autobús, basicamente porque era un lacazán. Edi era axudante de cociña no bar restaurante Boca Dillo, chamado así porque ese fora o xogo de palabras máis enxeñoso que dera inventado o pai-lán do dono. A comida non era gran cousa, pero Edi era unha persoa encantadora, tanto que ás veces, cando había algún prato que non lle saíra alá moi ben, servíao el mesmo na mesa escusándose. Grazas a unha desas desculpas atopou a felicidade ou, polo menos, a posibilidade de acceder á felicidade, na persoa dunha rapaza tan amable que tentou rematar o rosbif que lle cociñaran para que el non se sentise mal. A rapaza non quixo dicirlle como se chamaba nin darlle o teléfono, pero foi tan simpática que aceptou quedar con el dous días máis tarde, ás cinco, no primeiro lugar que lles veu á cabeza, o Delfinario, para sermos máis exactos.

Edi padecía unha enfermidade, por culpa da cal xa perdera moitas oportunidades na vida. Non era da clase de enfermidades nas que aparecen pólipos nin nada polo estilo, pero aínda así xa lle causara moito mal. A súa enfermidade facíao durmir sempre dez minutos máis da

conta, e non había espertador que o erguese da cama. Por iso chegaba tarde ao traballo no Boca Dillo, por iso e polo noso condutor, ese que sempre poñía o ben da sociedade por riba de calquera actitude a favor do individuo. Só que esta vez, como se trataba da felicidade, Edi decidiu vencer a enfermidade e en vez de durmir a sesta quedou esperto vendo a televisión. Para maior seguridade chegou a poñer non un, senón tres espertadores, ademais de solicitar o servizo de espertador telefónico. Pero a enfermidade era difícil de derrotar, e Edi adormeceu coma un neno fronte ao canal infantil. Espertárono, todo suado e con moito máis de dez minutos de atraso, os berros enxordecedores de varios millóns de espertadores. Edi saíu á rúa coa mesma roupa coa que durmira e púxose a correr cara á parada de autobús. Xa non se lembraba de como se corría, e as pernas confundíanselle un pouco cada vez que se cruzaban. A última vez na súa vida que botara unha carreira fora antes de descubrir que podía latar a clase de ximnasia, máis ou menos en sexto curso. Só que esta vez, ao contrario que na clase de ximnasia, corría a toda velocidade porque tiña algo que perder, e toda a dor do peito e o funguido por tantos cigarrillos baratos como fumara non se ían interpoñer na súa carreira cara á felicidade. En realidade, nada tiña a menor importancia; nada menos o noso condutor, que pechara a porta e comezaba a afastarse rapidamente. O condutor viu a Edi polo espello retrovisor pero, como xa dixemos, tiña unha ideoloxía, unha ideoloxía lóxica que, por riba de todo, se fundaba na procura da xustiza e no simple cálculo. Pero a Edi ese cálculo traíao sen coidado. Era a primeira vez na súa vida que corría para chegar a tempo, e por iso continuou correndo tras do autobús, malia saber que non tiña ningunha posibilidade de alcanzalo.

Mais de súpeto a sorte decidiu axudar a Edi, aínda que só un pouco, porque cen metros despois da parada había un semáforo, e o semáforo, un segundo antes de que chegase o autobús, púxose en vermello. Edi conseguiu alcanzar o autobús e arrastrarse ata a porta do condutor. Exhausto e coa respiración entrecortada, nin sequera petou no cristal. Limitouse a mirar ao condutor cos ollos húmidos e caeu de xeonllos. Isto lembroulle algo ao condutor, algo do pasado, de antes de facerse condutor de autobús, de cando aínda quería ser Deus. Este recordo causoulle certa tristeza, xa que non chegara a converterse en Deus, pero tamén certa felicidade, pois chegara a ser condutor de autobús, que era a segunda cousa que máis desexaba. E de súpeto lembrou que nunha ocasión se prometera a si mesmo que se chegaba a ser Deus había ser misericordioso e compasivo, e escoitaría a todas as súas criaturas. E cando viu a Edi dende as alturas do seu asiento de condutor, axeonllado no asfalto, non puido máis, a pesar de todas as ideoloxías e do simple cálculo, e abriulle a porta. E Edi subiu e nin sequera lle deu as grazas, pois estaba sen folgos.

O mellor sería que morrese aquí o conto, porque malia chegar Edi a tempo ao Delfinario, ao final a felicidade non deu chegado, xa que tiña mozo. Pero como era tan amable non fora capaz de dicirllo a Edi, e preferiu deixalo colgado. Edi esperou por ela case dúas horas no banco acordado. Mentres estaba alí sentado pensou cousas deprimentes sobre a vida, e logo tamén contemplou o solpor, que foi ben bonito, e acordouse das maniotas que ía ter pouco despois. De volta, desexando xa chegar á casa, viu dende lonxe o seu autobús detido na parada, mentres se apeaban os viaxeiros, e decatouse de que aínda que tivese forzas e enerxía para correr non o collería

na vida. Daquela continuou camiñando paseniño, sentindo un millón de músculos cansos a cada paso, e cando por fin chegou á parada viu que o autobús aínda estaba alí, agardando por el. E o condutor, a pesar de todos os murmurios de anoxo e os berros apremantes dos viaxeiros, esperou a que Edi subise e non pisou o gas ata que atopou un lugar para sentar. E así que se puxeron en marcha chiscoulle un ollo polo espello, o cal fixo que todo este asunto lle resultase case soportable.

A loucura de Nimrod

Mirónponse mal da chaveta

En todo o que ten que ver co problema de Mirón, as opinións, como se adoita dicir, difiren. Os médicos pensan que se debe a unha especie de trauma sufrido mentres facía o servizo militar e que lle renaceu de súpeto na mente, coma un zurullo que asoma do retrete despois de darlle á cisterna. Os seus pais están convencidos de que todo é por culpa dos cogomelos alucinóxicos que enguliu na India, e que fixeron que a mente lle quedase coma unha empanada. O rapaz que o atopou alí e o trouxo de volta a Israel di que foi por culpa daquela holandesa que coñecera en Dharamsala e que lle rompeu o corazón. E pola súa parte Mirón afirma que foi por culpa de Deus, que é o causante de todas as barafundas. Di que se lle pega á cabeza coma un morcego, e que se lle pon a contar isto e aquilo, o que sexa con tal de atopar un motivo para pelexar. Segundo Mirón, Deus, despois da creación, estivo tranquiliño durante varios millóns de anos, ata que de súpeto apareceu el e lle comezou a facer preguntas, e a Deus pareceulle que o acosaban demasiado. Porque Deus, ao contrario que o resto da humanidade, soubo deconta-

do que Mirón non era un miñaxoia. Era fino coma a la do gato, e a Deus, como é ben sabido, gústalle moito repartir, mais non recibir. O último que El está disposto a admitir é que lle rexeiten algo, e aínda menos cando é alguén coma Mirón quen o fai. Dende o momento en que se deu de conta disto non parou ata conseguir que Mirón tolease, mandándolle batallóns de inimigos en forma de pesadelos ou mozas que parecían fríxidas, o que fose con tal de acabarlle co sentido.

Os médicos pedíronnos a Uzi e a min que os axudásemos un pouco co caso de Mirón, xa que nos coñeciamos dende cativos. Fixéronnos todo tipo de preguntas sobre o servizo militar e o que lle pasara a Nimrod. Pero non nos lembrabamos de moito, e nin sequera falamos do pouco que recordabamos, porque a verdade é que non nos parecían de boa lei, e ademais Mirón xa nos contara varias historias sobre eles, desas que se adoitan ver nos programas rosas da tele. Despois diso, Mirón suplicounos na hora de visita que lle levásemos humus* do local dunha malvada iemení que había preto de alí, porque a comida do sanatorio era a cousa que máis o horrorizaba.

–Xa levo tres semanas aquí metido –calculou–, que sumadas aos catro meses na India fan case medio ano sen humus. Xúrovos que non lles desexo semellante cousa nin aos meus peores inimigos.

Así que llo fomos buscar. Pero a perversa cocíneira non quixo prepararnos un humus en pan de pita para levar. “Só para comer aquí”, rosmou coa súa voz diabólica e aborrecida. “Isto non é un local de comida rápida.”

* *Humus*: salsa espesa feita cunha pasta de garavanzo e tahini (pasta de sementes de sésamo), condimentada con aceite de oliva, allo, zume de limón e pemento. (N. do T.)

De modo que llo pedimos nun prato e logo metémolo nós no pan de pita. Cando volvemos, estaba alí a nai de Mirón. Saudou a Uzi, pero a min non. Non fala comigo dende hai anos, porque seica pensa que lle metín o fillo na droga. Non lle demos o humus diante dela, porque pensamos que igual llelo dicía aos doutores ou algo. Así que agardamos a que marchase. Coa espera, a comida arrefriou, pero isto non pareceu importarlle a Mirón, que se abalanzou sobre o pan de pita. Ao cabo de tres días liberárono. Os médicos dixeron que respondera moi ben á medicación, aínda que Mirón segue porfiando que se debeu ao humus.

Uzi perde a cabeza

En xuño Mirón e eu baixamos ao Sinaí. Supúñase que ía vir tamén Uzi, pero no último momento deixounos tirados por unha cita cun alemán dunha compañía de alta tecnoloxía de Dusseldorf, que estaba disposto a desembolsar varios millóns por un proxecto da súa empresa. Ía ser unha especie de celebración en honor de Mirón, que xa non se consideraba toliño, e por iso Uzi sentiuse un pouco mal pola súa infantil atracción polos cartos, e prometeulle que se uniría a nós despois da cita.

—Apóstoche o que queiras a que non vén —díxome Mirón—. Fágoche unha aposta dobre: primeiro, que non vén; e, segundo, que en tres meses casa coa Batata.

Eu nunca quería apostar con Mirón sobre nada, porque todo o que dicía soaba a parvada, pero aquilo tiña bastante lóxica. “Batata” era o alcume da prosma da moza de Uzi, que tamén estaba ao tanto de todos eses negocios virtuais da alta tecnoloxía que Uzi devecía por controlar. Lembro que unha vez nos preguntou por que lle chamabamos “Batata”, e Mirón díxolle algo así como que a primeira vista non resultaba moi apetecible, pero

que por dentro era dociña. Uzi non quedou moi convencido, pero non volveu preguntar.

Se a vida é unha festa, o Sinaí é sen dúbida o seu chill out. E ata Mirón e eu, que pouco fixemos na vida, apreciamos a tranquilidade totalmente zombi do lugar. Na nosa praia había unha chea de xente desfasando, e Mirón intentaba achegarse a eles de seguido, coa típica pose de quen estivo moito tempo na India, o cal funcionou en parte. Eu non tiña nin a enerxía nin a coordinación necesarias para iso, así que o único que fixen foi fumar maría sen parar, contemplei o mar, e dubidei entre pedir para xantar un panqueque ou arriscarme cun peixe. Ao mesmo tempo tiña conta de Mirón dende lonxe, para ver se realmente estaba ben. Aínda facía algunha cousa rara, como cando lle deu a arroutada de querer cagar a carón da tenda de campaña porque non lle daba a virada para chegar ata o restaurante. Pero a verdade é que cousas así xa as facía antes de tolear.

—Paréceme que vou ter algo coa pequerrecha esa do piercing —díxome pola noite despois de volver do restaurante da praia—. Ten unhas fodas, eh?

Entón sentámonos, fumadísimos, e puxémonos a contemplar o mar.

—Sabes? —díxenlle—. Creo que en toda esa movida da túa hospitalización Uzi e mais eu estivemos bastante guai, pero asustáchesnos a hostia.

Mirón encolleu os ombros e díxome:

—Foi unha cousa ben rara. De súpeto comecei a oír voces falando, cantando. Coma unha radio que se escallou e que non sabes como apagar. Faite tolear, non te deixa tranquilo nin un segundo, macho. Sentía coma se alguén quixese volverme tolo. Ata que, polas boas, parou.

Entón colleu a cabicha do porro e apagouna na area comentando:

–E vouche dicir unha cousa: xa sei que che vai sentar coma unha patada nos collóns, pero creo que foi Nimrod.

Ao día seguinte, en contra de toda predición, apareceu Uzi. Que mágoa que non apostase con Mirón... Nada máis deixar a bolsa na tenda, Uzi arrastrounos ao restaurante, comeu unhas luras e contounos como lle fora co alemán, que ao final resultara ser moito máis fácil de convencer do que pensaba, e o contento que estaba de poder estar connosco, os seus mellores amigos, no Sinaí, o lugar que máis lle gustaba do mundo. Despois disto volveu á praia, berrándolle “irmán!” a todo o que se movía e abrazando a todos os beduínos e exipcios que non daban fuxido del. Cando se cansou fíxonos xogar ao backgammon, e despois de gañarnos aos dous venceu tamén a un beduíno, ao que obrigou a camiñar pola praia, amodiño, tras o seu rival calvo, berrando:

–Coidado, rapazas, que aí vai o gran Abu Garah!

Mirón tratou de facelo acougar cunha calada do porro, pero só conseguiu que Uzi se puxese peor. Intentou ligar moi agresivamente cunha turista americana de corenta anos, pero desistiu ao cabo dun segundo. Comeu tres panqueques, díxonos a Mirón e a min que lle mola-ba a tranquilidade do lugar, pediu un kebab, e propúxonos ir os tres co seu novo amigo beduíno, que resultou ser taxista, a xogar ao casino de Taba, en Exipto. Mirón negouse en redondo, porque cría que tiña posibilidades coa do piercing, pero Uzi parecía tan excitado que Mirón axiña se deu de conta de que non estaba tan saído como para convencelo.

–Fóra bromas –díxome Mirón cando entramos no taxi–, este tío está completamente tolo.

No casino de Taba, Abu Garah e o beduíno deron o golpe sen apiadarse de ninguén. Pasaron de mesa en mesa, deixando tras de si un rastro de crupiers acabados e arramblando con todo. Entre golpe e golpe, Uzi papaba anacos enormes de torta de mazá e pastel de crema de chocolate. Mirón e eu sentámonos a un lado, esperando pacientemente a que se cansasen, pero o caso era que cada vez estaban máis fortes. Cando Uzi e o beduíno romperon a banca do casino e repartiron as ganancias, montamos no taxi rumbo á fronteira. Mirón e eu lembrámoslle a Uzi que debiamos regresar, pero non nos fixo caso ningún. Para el aínda era moi cedo e non pasaba nada por irmos a unha ou dúas discos en Eilat e volvermos despois. Antes de separárense deulle a súa tarxeta de visita ao beduíno e bicáronse como oitenta veces. Mirón intentou convencelo de que nos levase de volta á praia e que Uzi continuase só as súas aventuras, pero o beduíno reprendeunos e díxonos que abandonar un amigo excelente coma Abu Garah no medio dunha celebración era unha deshonra moi grande, e que el mesmo devecía por continuar connosco, só que tiña prohibido cruzar a fronteira. E coa mesma bicounos tamén a nós, meteuse no taxi e desapareceu. Cando Uzi se cansou da disco Spiral marchamos ao pub O Iate, e de alí a un hotel chamado Blue non sei que máis, e só entón, despois de que Mirón e eu rexeitásemos enerxicamente dúas veces a súa proposta de invitar a un par de mulleres de compañía ao cuarto, Uzi deitouse sobre o estómago e comezou a roncar.

Dende esa viaxe ao Sinaí, as compañías de Uzi comezaron a facerse máis desconcertantes. Amais do parvo do alemán, Uzi atopou outros dous, un americano e outro indio, e parecía disposto a comer o mundo enteiro. Mirón dicía que iso demostraba o tolos que estaban

aqueles homes de negocios. A verdade é que dende que Uzi recuperou a cordura cada vez resultaba máis desagradable. Ás veces intentabamos levalo connosco á praia ou aos billares, pero ata cando viña estaba tan ocupado todo o tempo, contando como se divertía e o marabilloso que era que estiveramos todos xuntos mentres revisaba as mensaxes no móbil, que ao cabo dunha hora con el, un xa perdía as ganas de estar alí.

–Non te preocupes, que xa se lle pasará –díxenlle a Mirón, intentando tranquilizalo ao tempo que a Uzi o absorbía unha conferencia transatlántica xusto cando lle tocaba dar unha calada.

–Seguro –contestou Mirón, cun ton de ex tolo experto na materia–. E se, como parece, isto é cíclico, ti es o seguinte.

O dono da casa tolea

Pola mañá levanteime moi asustado, aínda que ignoraba o motivo. Apertei as costas contra o colchón e intentei moverme o menos posible ata que puidese entender que era o que me producía tanto medo. Pero conforme pasaba o tempo sen dar atopado unha razón, a preocupación non facía máis que aumentar. E entón, tombado na cama, inmóbil, díxenme a min mesmo en segunda persoa co ton máis acalmado que puiden:

–Acouga, home, acouga. Isto non é certo, só está na túa cabeza.

Pero a idea de que a cousa esa, fose o que fose, estivese dentro da miña cabeza aterrábame mil veces máis. Decidín dicirme o meu nome varias veces seguidas. Estaba seguro de que iso me acalmaría. Pero ata o meu nome desaparecera de súpeto. Con todo, foi precisamente iso o que me fixo levantar. Arrastreime pola casa, buscando facturas, correo, algo onde estivese escrito o meu nome. Abrín a porta da entrada e mirei para o lado de fóra, onde había un adhesivo laranxa coa inscrición: “Que sexas feliz na vida!” No vestíbulo oíanse estrondosas gargalladas de nenos, e pisadas achegándose. Pechei a porta e apoieime contra ela.

–Reláxate. Acordaraste nun minuto. Ou non. Se cadra nunca tiveches un nome. Sexa como sexa, isto non explica por que estás a suar tanto, por que o pulso che está a dar marteladas na cabeza. Non é iso; é outra cousa. Acouga –murmurei para min mesmo outra vez–. Acouga. Como non vas ter nome? Isto non pode durar moito tempo. Rematará decontado.

Cando todo se calmou un pouco chamei a Uzi e a Mirón e quedei con eles na praia. Quedaba só a catrocentos metros da casa e lembraba o camiño sen problema, aínda que de súpeto todas as rúas parecían diferentes e tiven que parar para comprobar que os sinais eran os correctos. Non só as rúas: todo parecía distinto. Ata o ceo era como agoniante e pequerrecho.

–Díxenche que xa che chegaría o momento –espetoume Mirón mentres chuchaba a parte vermella do seu xeado Twister–. Primeiro toleei eu, despois Uzi...

–Eu non toleei tal –protestou Uzi–. Só estaba un pouco colocado.

–Chámalle como queiras –continuou Mirón–. E agora tócache a ti.

–Ron tampouco está tolo –dixo Uzi, que comezaba a quentarse–. Por que non paras de meterlle esas cousas na cabeza?

–Ron? –preguntei –. Chámome así?

–Vale –dixo Uzi resignado–. Se cadra, un pouquiño tolo si que está. Dáme un bocadiño.

Mirón pasoulle o xeado, sabendo de sobra que non o volvería ver na vida, e preguntoume:

–Dime, cando comezou isto, non sentiches a alguén na túa cabeza?

–Non sei –dubidei–, pode ser.

–Eu dígoche que si –murmurou Mirón, co ton de

quen está a contar un segredo–. Eu sentino, e díxome cousas que só el sabía. Estou seguro de que foi Nimrod.

A loucura de Nimrod

Ata os doce anos Nimrod fora unha merda de persoa. Esa caste de neno mexeriqueiro no que, se non fose o teu mellor amigo, mallarías ata aburrirte. E entón un día, un pouco antes do *bar-mitzvá**, puxéronlle soletas nos zapatos e, coma quen non quere a cousa, converteuse nunha persoa nova. A verdade é que Mirón, Uzi e máis eu eramos amigos de Nimrod dende moito antes diso, pero ao que comezou a ser un rapaz agradable, foi estupendo ser amigo del.

Despois do colexio, Uzi e eu fomos ao instituto, mentres que Mirón e Nimrod fixeron o bacharelato a distancia, dedicándose basicamente a ir á praia. Ao acabar o bacharelato chegou o servizo militar. Mirón incorporouse a filas medio ano antes ca nós, e cando chegamos xa lles fixera a rosca aos mandos o suficiente para conseguir que nos mandasen a todos á unidade na que estaba el. Nimrod chamáballe a isto “acolchar a colcha”, xa que estaba preto da naiciña e da casa.

* *Bar mitzvá*: termo co que se designa ao mozo que acadou os 13 anos e un día, e que xa é responsable de cumprir os preceptos xudeos. É costume sinalar ese día de forma pública. (N. do T.)

A maior parte do tempo non faciamos nada, á parte de estar sentados na cantina ameazando con queixarnos dos nosos comandantes, e liscar para a casa ás cinco. Fóra diso, Uzi adoitaba facer surf no Sheraton, eu pasaba o día masturbándome, Mirón estudaba algunhas asignaturas da universidade a distancia e Nimrod quedaba coa moza. A moza de Nimrod non estaba nada mal, e como todos menos el eramos virxes, para nós estaba aínda máis boa. Lembro que unha vez lle preguntei a Mirón que faría no caso hipotético de que a fose levar á casa e ela lle propuxese pinar. Mirón díxome que non sabía, pero que, pasase o que pasase, despois habíase arrepentir toda a vida; a cal é unha boa resposta, pero como o coñezo ben estou seguro de que optaría por pinar con ela e que deixaría a opción do arrepentimento en segundo lugar.

Pero Nimrod non se limitaba a poñerse quente coma un burro con ela, senón que ademais estaba namorado. A moza chamábase Neta, que é un nome que aínda hoxe me gusta, e era auxiliar médico na enfermería. Nimrod díxerame unha vez que podía deitarse na cama durante horas ao seu carón sen aburrirse, e que o sitio que máis lle gustaba que lle tocasse era esa zona da planta do pé onde todos adoitan ter un arco, pero que no seu caso é plana.

Dúas veces ao mes tiñamos que facer garda na base, e unha vez cada dous tiñamos que ficar durante a fin de semana. Porén, Nimrod sempre conseguía coincidir co servizo de Neta na enfermería, de xeito que ata nas gardas estaban xuntos. Ao cabo dun ano e medio deixouno. Foi unha ruptura bastante estraña. Nin sequera ela puido explicar realmente a causa. A Nimrod deixou de preocuparlle cando lle tocaban as gardas. Un sábado cadrou que quedamos xuntos Mirón, Nimrod e eu. Uzi conseguira

falsificar unha especie de carta de exención. Estivemos no mesmo coche patrulla, Mirón de primeiro, Nimrod de segundo e eu de terceiro. Un pouco antes de que me tocase relevar a Nimrod, entrou un oficial histérico ao corpo de garda e dixo que o soldado que estaba patrullando se pegara un tiro na cabeza.

Segunda volta

A segunda vez que Mirón toleou foi moito menos desagradable. Non lles dixemos nada aos pais, e simplemente me fun vivir con el ata que lle pasase. A maior parte do tempo estaba calado, sentado nun recuncho, escribindo unha especie de libro para si mesmo e que se supuña acabaría por substituír á Biblia. Ás veces, cando se acababan as cervexas na neveira ou o tabaco, insultábame un pouco, con convicción, e dicía que eu era o demo en persoa que lle fora mandado baixo a forma dun amigo para atormentalo. Pero fóra diso aturábase bastante ben. Uzi, pola súa parte, levaba moi mal o seu prolongado período de cordura. A pesar de que el non o admitía, seica foi esa compañía internacional tan próspera a que o sacou de todos os problemas. De calquera xeito, cando atravesaba un período de loucura tiña moita máis enerxía para escribir toda clase de documentos aburridos e acudir a citas monótonas. E agora que estaba un chisco máis cordo, toda aquela historia do home de negocios resultáballe algo molesta, aínda que, segundo parecía, a compañía ía cotizar axiña en bolsa, e el ía obter uns cantos millóns sen mover un dedo. A min despedíronme do traballo, e Mirón, nunha etapa

economizadora que incluía restrinxir as cervexas e mercar tabaco barato, alegou que el era o culpable do meu despedido, por culpa dos seus incomprensibles poderes espirituais. Non sei, quizais todos eses traballos non sexan para min, e simplemente necesito esperar pacientemente a que Uzi se faga rico e me dea algo.

A segunda vez que Uzi deu en tolear demostrou definitivamente que se estaba a producir unha especie de rotación, e eu comecei a agobiarme porque sabía que sería o próximo. Mirón, que ao final se calmou, seguiu insistindo en que todo tiña algo que ver con Nimrod.

–Non sei exactamente o que quere, quizais que o vingamos ou algo así. Pero, sexa o que sexa, coido que non parará ata que o fagamos.

–Que o vingamos? –espeteille a Mirón–. Pero se Nimrod suicidouse!

–Por que estás tan seguro? –insistiu Mirón–. Se cadra matárono. E ademais quizais non desexe exactamente unha vinganza. Ao mellor non é máis que algo que quere que se faga para poder descansar en paz. Xa sabes, como nesas pelis de terror onde uns nachos abren unhas cervexas sobre unha tumba e ata que non marchan de alí a alma do morto non pode descansar.

Ao final Mirón e mais eu decidimos ir ao cemiterio de Kiriath Shaul para comprobar que ninguén decidira montar, por equivocación, un punto de venda de auga mineral e cola sobre a tumba de Nimrod. O único motivo polo que aceptei ir con Mirón foi que me agoniaba a idea de que eu sería o seguinte. A verdade é que, de nós os tres, a miña tolemia foi a menos divertida.

A tumba de Nimrod estaba como a deixáramos. Xa había seis anos que non pasabamos por alí. Ao principio a súa nai chamábanos o día en lembranza dos soldados caí-

dos. Pero con todos aqueles rabinos militares e as tías desmaiándose un ano tras outro, non nos apetecía moito volver. Repetiamos todo o tempo que iríamos outro día, unha especie de día en lembranza da nosa amizade, pero sempre o adiabamos. A última vez que falamos dese tema, Uzi dixo que sempre que iamos xuntos ao billar ou ao cine ou simplemente a un pub, tamén era un día en lembranza de Nimrod, porque os tres estábamos xuntos, e aínda que non pensásemos concretamente nel, estaba alí.

Levounos como unha hora atopar a tumba, que estaba ben coidada e limpa, cunhas cantas pedriñas espalladas por riba, como marca a tradición xudía, proba de que xa estivera alguén alí non había moito. Mirei as datas das lápidas e pensei que eu faría trinta moi axiña, e que Nimrod non chegara a cumprir dezanove. Pareceume un pouco estraño porque, por algún motivo, sempre que penso nel ten a miña idade, cando en realidade eu estou medio calvo e el non é máis ca un neno. Cando saímos devolvemos as kipás* de cartón á caixa que había na porta e Mirón díxome que non se lle ocorría máis nada, pero que sempre quedaba a posibilidade de facer unha sesión de espiritismo. Fóra do cemiterio, do outro lado da reixa, había un gato gordo e peludo mastigando un anaco de carne. Mireino, e el, como se o sentise, ergueu os ollos do cacho de carne, devolveume a mirada e sorríume. O seu sorriso era cruel e derramaba certa malicia, e volveu mascar a carne sen sacarme o ollo de enriba. Sentín como o medo comezaba a gotear polo meu corpo, dende a parte dura do cerebro ata a parte branda dos ósos. Mirón nin

* *Kipá*: pequena gorra ritual usada polos xudeus, que cobre a parte superior da cabeza. Neste caso é de cartón, como as que se lles ofrecen a aqueles que acoden a algún recinto sagrado desprovistos dela. (N. do T.)

se deu de conta de que me estaba a pasar algo non moi bo, e seguiu falando.

–Agarda, Ron –dixen para min, provocando que a lembranza do meu nome me puxese tan feliz que ata chorei–, respira fondo, non te desesperes. O que teña que ser será, pasará nun intre.

Nese mesmo instante, na fedorenta oficina duns avogados de Petah Tikva*, Uzi decidiu non pechar unha transacción pola que lle pasaría a unha descoñecida firma de investimentos polaca o trinta por cento das ganancias da súa compañía a cambio dun millón e medio de dólares. Fixádevos: se seguise tolo un cuarto de hora máis, podería levarnos de cruceiro polo Caribe a nós e á Batata. E en vez diso volveu de Petah Tikva para a casa no autobús 54, cun depravado condutor que non quixo acender o aire acondicionado.

* *Petah Tikva*: cidade do Distrito Central de Israel, situada ao nordeste de Tel Aviv. (N. do T.)

Tri-li-li-li-la

Cando Uzi nos anunciou que ía casar coa Batata, nin sequera intentamos discutir. En certo modo xa sabiamos que pasaría. Uzi mentíunos e díxonos que fora idea súa, e que o facía basicamente para que o banco lle concedese unha hipoteca para un apartamento que pensaba comprar de todos os xeitos nun lugar preto de Netania.

–Como casas con ela? –intentou razoar Mirón, aínda que sen moita convicción–. Se nin sequera a amas.

–Como podes dicir que non a amo? –protestou Uzi–. Xa levamos tres anos xuntos. Sabes que nunca lle puxen os cornos?

–Iso non é porque a ames –díxolle Mirón–. É só porque non tes coordinación.

Estabamos xogando precisamente ao billar, e Uzi machucounos con eses golpes efectivos de quen decide aproveitar ao máximo a súa sorte, axiña, antes de que cambie. Sobre a mesa só quedaba a bóla negra, e tocáballe tirar a Uzi.

–Fagamos unha aposta –propúxenlle a Uzi nun arrebatado de desesperación–. Se metes a negra agora, ti gañas e Mirón e eu deixamos de chamarlle “Batata”. E se fallas, entón adías toda esa historia da voda un ano.

–Non estou disposto a apostar sobre cousas que teñen que ver cos sentimentos –declarou Uzi metendo a negra no buraco máis achegado cun golpe sinxelo–. Á parte diso –sorriu–, é demasiado tarde, pois xa imprimimos as invitacións.

–Como puides facerlle semellante aposta? –reprochoume Mirón despois–. O tiro era demasiado doado.

Ata ese día Uzi toleou dúas veces máis, e en ambas as dúas ocasións dixo que ía cancelar todo, pero arrepeníuse inmediatamente. Eu, namentres, traslademe ao apartamento de Mirón. Agora que estabamos tolos a maior parte do tempo, era moito máis agradable vivir xuntos. E ademais non me chegaban os cartos para pagar eu só un aluguer. Mirón roubáralle un paquete enorme de invitacións de voda a Uzi, e usabámolas como filtros para os porros.

–Como podes casar con alguén que ten unha nai que se chama Tirtza? –díciolle Mirón a Uzi cada vez que fumabamos xuntos un canuto, mentres Uzi non facía máis que mirar para o teito e rir con riso de fumado. Pero a verdade é que ata eu, que nesa cuestión estaba do lado de Mirón, me decatara de que non había nada que discutir.

Tres días antes da voda tivemos unha sesión de espiritismo. Mercamos unha cartolina celeste, escribín todas as letras do alfabeto cun rotulador negro, e Mirón trouxo da cociña un deses vasos de café baratos. Dixo que o tiña dende había moito tempo, pois procedía da casa dos seus pais, e estaba seguro de que Nimrod bebera por el. Apagamos todas as luces da casa e puxemos o vaso no medio da cartolina. Pousamos cadanseu dedo enriba e agardamos. Ao cabo de cinco minutos Uzi fartouse e díxonos que tiña que ir cagar. Acendeu as luces do salón, colleu un xornal deportivo de había unha semana e

fechouse no baño con el. Namentres, eu e Mirón fumamos un cigarro. Pregunteille a Mirón se pensaba que o conseguiría e se movería o vaso como pensaba. E Mirón enfadouse e dixo que aínda non o conseguira, pero que non quería dicir nada porque Uzi se aburría axiña de todo. Cando por fin Uzi saíu do baño, Mirón apagou as luces de novo e pediunos que nos concentrásemos. Pousamos os dedos sobre o vaso outra vez e esperamos. Non pasou nada. Mirón insistiu en seguir intentándoo, e ninguén se sentiu con ánimo para discutir con el. Ao cabo duns minutos, o vaso comezou a moverse. Ao principio lentamente, pero tras uns segundos desprazouse por todo o taboleiro. Mirón deixou o dedo sobre o vaso á vez que anotaba, coa outra man, todas as letras nas que se paraba. T-r-i-l-i-l-i-l-i-l-a, indicou o vaso, parando suavemente sobre o signo de exclamación que estaba na esquina dereita da folla. Esperamos un pouco máis, pero non pasou nada. Uzi prendeu a luz.

–Conque “tri-li-li-li-la”, eh? –dixo, molesto–. Estamos no parvulario ou que carallo? Movíchelo ti, Mirón, comigo non vaias de axente Mulder. “Tri-li-li-li-la”? A puta hostia! Mirade, estou rebentado, que hoxe me levantei ás sete, así que vou durmir á de Liraz.

Liraz era o nome da Batata, que vivía moi cerca de alí. Cando Uzi marchou, Mirón seguiu mirando para a folla coas letras que escribira. Eu púxenme a ler o diario deportivo que Uzi levara para o baño, e cando rematei de lelo todo díxenlle a Mirón que ía botar unha soneca. Mirón díxome que estaba ben, pero que antes quería intentar unha vez máis a cousa aquela co vaso, porque estaba a darlle voltas ao “tri-li-li-li-la” e non lle dicía nada. Así que apagamos as luces de novo e colocamos o vaso. Esta vez comezou a moverse de inmediato, e Mirón apuntou as

letras. N-o-n-m-e-d-e-i-x-e-s-s-ó, indicou o vaso, e a continuación volveuse deter.

Noraboa

A voda foi horrorosa, cun rabino que se cría comediante e un dj que puxo a Enrique Iglesias e a Celine Dion. Mirón coñeceu alí unha rapaza de voz irritante pero cun corpo impresionante. Despois da cerimonia incluso conseguiu preocupar a Uzi durante un segundo ao dicirlle que o vaso que romperá como símbolo da alianza era o que utilizáramos para facer espiritismo con Nimrod. Ao mesmo tempo, eu tiven un dos meus ataques de ansiedade, e trouxei no baño algo así como dous quilos de burecas de espinacas.

Esa mesma noite Uzi e a Batata marcharon de lúa de mel ás illas Seychelles. Mirón e eu sentámonos no balcón a tomar café. A Mirón ocorréraselle unha nova idea: cada vez que fixese café prepararía tamén un instantáneo para Nimrod no vaso da sesión de espiritismo, e poríao na mesa como se fai co vaso de Pascua que se deixa para o profeta Elías. E cando acabásemos de tomar os nosos, tiraríaa aquel polo vertedoiro. Mirón fixo unha imitación do dj e eu soltei unha gargallada. A verdade é que estábamos aburrídos coma monas. Pódeselle chamar chauvinismo, capitalismo, egocentrismo ou o que se queira, pero

toda aquela historia da voda pesábanos coma un morto. Pedinlle a Mirón que me lese un capítulo do seu libro, ese que se pon a escribir cada vez que tolea e que se supón que substituirá á Biblia. A verdade é que llo pedín un millón de veces e nunca quixo lermes nada. Cando está tolo ten medo de que lle rouben as ideas, e cando está ben dálle vergoña.

–Veña –díxenlle–, leme aínda que sexa un capítulo, coma se fose un conto antes de durmir.

Mirón estaba tan deprimido que aceptou e sacou as follas esborrachadas da caixa de zapatos. Antes de comezar a ler mirou para min e díxome:

–Xa sabes que agora só quedamos nós os dous. Quero dicir que Uzi seguirá sendo o noso amigo e tal, pero xa non formará parte das voltas que lle dá a cabeza a Nimrod.

–De onde sacas iso? –protestei, aínda que no fondo eu xa o pensara tamén.

–Verás –dixo Mirón–, ata Nimrod sabe que non está ben molestar a un home casado. Isto non quere dicir que o feito de facernos tolear a nós estea ben, pero seguro que non o faría se non soubese que no fondo estamos de acordo. Non hai que facerlle: estamos fodidos, Ron. Non quedamos máis ca ti e eu. Unha semana dentro e unha semana fóra, coma no reparto das tarefas da cociña.

Mirón puxo a un lado o feixe de follas e aclarou a gorxa, coma o locutor dun noticiario que se atragoa no medio das novas.

–E se un de nós marcha de repente? –pregunteille.

–Se marcha? –preguntoume Mirón, confuso, levantando a cabeza dos papeis–. A onde?

–Non sei –sorrín–. Supón que mañá se me achega a nacha máis curra que vin na miña vida, que nos namora-

mos e que caso con ela. Daquela quedarías ti só coa loucura de Nimrod. A tempo completo.

–Buf! –exclamou Mirón acabando dun grolo o que quedaba do café–. Menos mal que es feo coma un can!

Un cóctel típico do inferno

En Uzbekistán hai unha aldea situada xusto á entrada do inferno. A terra alí é moi mala para a agricultura e os minerais tampouco non son gran cousa, de xeito que os poucos cartos que consegue rabuñar a xente proveñen, basicamente, do turismo. E cando digo turismo non me refiro a americanos ricos con camisas hawaianas nin a xaponeses riseiros que lle sacan fotos a todo canto se move. Porque, que ía buscar ese tipo de turistas nun recanto de Uzbekistán esquecido da man de Deus? O turismo do que eu falo é sobre todo local. Máis local, imposible.

As persoas que saen do inferno son moi diferentes entre si. É difícil dar un perfil preciso. Gordos/fracos, con/sen bigote... Unha multitude moi variada. Se teñen algo en común é o xeito en que se comportan. Son todos moi calados e educados, e sempre che dan o cambio xusto. Nunca intentan regatear, e sempre saben o que queren: non andan con lérias. Entran, preguntan canto custa, envólvamo/non mo envolva, e xa está. Son todos desa clase de xente que non se entretén máis có impres-

cindible. Pasan alí o día e logo regresan ao inferno. E nunca verás ao mesmo visitante dúas veces, xa que só saen unha vez cada cen anos. É unha regra que teñen. Como no exército, que libras unha fin de semana de cada tres, ou cando estás de garda, que só che permiten sentarte cinco minutos cada hora. Pois o mesmo pasa cos habitantes do inferno, que teñen un día libre cada cen anos. Se algunha vez houbo unha explicación para isto, hoxe xa ninguén a lembra, e non é máis ca unha especie de status quo.

Ana lembra traballar na tenda de ultramarinos do seu avó dende que ten uso de razón. Á parte dos habitantes do lugar non había moitos clientes, pero de cando en vez entraba alguén cheirando a xofre e pedía un paquete de cigarros ou chocolate, ou calquera outra cousa. Algúns pedían cousas que probablemente nunca viran, e das que só lles oíran falar a outras almas pecadoras. Ese era o motivo de que os vise pelexar coas latas de cola, intentar comer o queixo co plástico e todo, e cousas polo estilo. Ás veces trataba de charlar con eles, de facer amizade, pero ningún deles sabía uzbeko ou como sexa que se chame a lingua que se fala alí, e a cousa sempre remataba con ela sinalándose a si mesma e dicindo “Ana”, mentres eles se sinalaban tamén e murmuraban algo como “Claus”, ou “Su-Ying”, ou “Nisim”, e logo pagaban e ían ao seu. Víaos polo serán, deambulando pola veciñanza ou sentados na beirarrúa, á espera da noite, que lles chegaba demasiado rápido, e ao día seguinte xa non os volvía ver. O seu avó, que tiña unha especie de enfermidade que non o deixaba durmir máis que unha hora pola noite, adoitaba contarlle que ao abrente os vía regresar á porta de entrada, que non quedaba lonxe do seu porche. Dende aquel mesmo porche tamén viu entrar por aque-

la porta ao pai dela, un individuo depravado, completamente bébedo e cantando unha canción indecente. Era de esperar que tamén el volvесе ao cabo de noventa anos e pico.

É gracioso, pero pódese dicir que esas persoas foron a cousa máis interesante que lle pasou a Ana na vida. As caras, as roupas extravagantes, os intentos por adiviñar os horribles actos que cometeran para iren parar ao inferno. Ás veces, cando estaba aburrída na tenda, imaxinaba o aspecto do seguinte pecador que entraría pola porta. Sempre intentaba imaxinalos moi guapos ou graciosos. E unha vez cada moitas semanas entraba efectivamente algún mozo moi lanzal, ou algún fulano teimudo que pretendía comer o contido dunha lata de conserva sen abrila antes, de xeito que despois ela e mais o avó tiñan materia de conversa para varios días.

Unha vez entrou un mozo tan guapo que decidiu que tiña que verse a soas con el. O rapaz mercou viño branco, soda e toda clase de especias picantes, e ela, en vez de facerlle a conta, colleuno dunha man e levouno á súa casa. E o mozo, malia non entender unha palabra, foi tras dela e esforzouse en compracela, ata que se fixo máis que evidente que non podía. Ana abrazouno e dedicoulle o seu mellor sorriso, para que comprendese que aquilo non tiña maior importancia, pero non serviu de moito e el continuou chorando ata a mañá. Dende o momento en que se foi, ela dedicouse a rezar todas as noites pedindo que volvесе, e que esa vez todo saíse ben. Pedíao máis por el ca por si mesma. E cando llo contou ao seu avó, este sorriu e díxolle que tiña un gran corazón.

Dous meses despois o mozo regresou. Entrou na tenda e comprou un sándwich de pastrami, e cando ela lle sorriu, el devolveulle o sorriso. O avó de Ana dixo que

non podía ser a mesma persoa, porque é ben sabido que só saen un día cada cen anos, e que seguramente se trataba do seu irmán xemelgo ou algo polo estilo. E ademais ela tampouco estaba completamente segura de que fose o mesmo. O caso é que cando se deitaron xuntos a cousa funcionou de marabilla. El parecía contento, e tamén Ana. E de súpeto ela comprendeu que quizais non só rezara por el. Despois o mozo entrou na cociña e atopou a bolsa coa soda, as especias e o viño, que deixara alí a outra vez. Colleuna e preparou para Ana e para el un combinado espumoso, picante e frío, con sabor a viño. Era un cóctel típico do inferno.

Ao final da noite, cando empezou a vestirse, Ana pediulle que non marchase, e el respondeulle encollendo os ombreiros, coma se non tivese elección. Cando partiu Ana rezou para que, se realmente era el, volvесе unha terceira vez; e se non o era, que fose alguén parecido dabondo para poder equivocarse de novo. Ao cabo dunhas semanas Ana comezou a trousar, e desexou que fose neno. Mais resultou ser un simple virus. Foi nese tempo cando a xente do lugar empezou a falar de certos plans para clausurar a entrada dende dentro. Estas lerias tiñan a Ana moi preocupada, pero o avó díxolle que non eran máis ca rexoubas da xente aburrida.

—Non te preocupes —díxolle sorrindo—. Esa entrada leva aí tanto tempo que non hai nin demo nin anxo que se atreva a pechala.

Ela creullo, ata que de socato unha noite, segundo lembra, sentiu, así polas boas, que a entrada xa non estaba. Entón saíu correndo en camisón, e sentiuse aliviada ao comprobar que aínda seguía alí. Recorda que durante un momento sentiuse impulsada a baixar por alí. Notou como se a entrada a succionase polo amor que sentía

polo seu visitante, ou quizais porque en realidade desexaba ver ao seu pai, que era un individuo depravado, ou quizais sobre todo porque non quería seguir estando soa naquela tediosa aldea. Achegou a orella ao aire frío que saía da entrada. Distinguiu ao lonxe un ruído como de xente berrando ou auga a correr, aínda que era imposible saber de que se trataba en realidade. Procedía dalgún sitio certamente afastado. Ao final volveu á cama e adormeceu, e ao cabo duns días a entrada desapareceu de verdade. O inferno continuou existindo alí abaixo, pero ningún máis volveu saír.

Dende que desapareceu a entrada a vida fíxose máis difícil, e tamén moito máis esgotadora e monótona. O avó de Ana morreu, ela casou co fillo dos donos da peixería, e as dúas tendas uníronse. Tivo varios fillos, e agradáballes contarlles contos, sobre todo acerca daquelas persoas que adoitaban chegar á tenda cheirando a xofre. Eses contos asustaban aos cativos, que se poñían a chorar. Pero aínda así, sen saber por que, ela seguíallelos contando.

O día que cumprín cinco anos, descubríronlle un cancro a mamá e os médicos dixeron que había que extirparlle a matriz. Foi un día triste. Fomos todos ao hospital no Subaru de papá e agardamos a que o doutor saíse da sala de operacións. Viña con bágoas nos ollos.

–Na miña vida vira unha matriz tan bonita –dixo mentres quitaba a máscara branca da cara–. Síntome coma un asasino.

E era certo que miña nai tiña unha matriz ben bonita. Tan bonita que o hospital a doou a un museo. O shabat fomos a propósito ata alí, e o meu tío tirounos unha foto a carón dela. Para entón, meu pai xa non estaba en Israel. Divorciouse de mamá o día seguinte da operación.

–Unha muller sen matriz non é unha muller. E un home que queda cunha muller que non é unha muller, en realidade non é un home –díxonos ao meu irmán e a min un intre antes de subir ao avión para Alaska–. Xa o entenderedes cando sexades maiores.

O cuarto no que exhibían a matriz de mamá estaba moi escuro. A única fonte de luz viña da propia matriz,

que brillaba cunha especie de resplendor suave, coma o que hai dentro dos avións cando viaxas de noite. Nas fotos non parecía moita cousa, por culpa do flash, pero cando a vin de preto, entendín perfectamente por que o doutor chorara.

–Vós saístes de aí –dixo o meu tío mentres a sinalaba–. Aí dentro estabades coma príncipes, crédeme. Vaia nai que tivestes. Vaia nai!

Ao final miña nai morreu, pois ao final todas as nais morren. E meu pai converteuse en explorador polar e cazador de baleas.

As mozas coas que saín sempre se ofendían cando lles quería botar unha ollada á matriz. Pensaban que era algunha fixación xinecolóxica, e non o atopaban moi romántico. Con todo, unha delas, unha moza moi feita, consentiu en casar comigo. Aos nosos fillos zorreguilles moito, porque os seus choros me puñan nervioso. E o caso é que aprenderon a lección, pois a partir dos nove meses xa non choraban con tanta insistencia. Ao principio levábaos ao museo polo seu aniversario para amosarlles a matriz da súa avoa, pero non os impresionaba moito, e a miña muller xa empezaba a fartarse, así que pouco a pouco comecei a levarlos ao cine.

Un día o guindastre levoume o coche, pero como o aparcadoiro da policía estaba xusto a carón do museo, achegueime alí un momento. A matriz non estaba no lugar habitual. Pasáranos a unha sala que había ao lado, chea de cadros vellos, e cando a ollei de preto vin que estaba toda cuberta de puntos verdes. Pregunteille ao garda por qué ninguén a limpaba, pero o único que fixo foi encollerse de ombros. Supliqueille ao responsable da exposición que, se non tiña persoal, cando menos me permitise a min limpala. Pero negouse cruelmente, e

dixo que non me estaba permitido traballar no museo porque non pertencía ao cadro de persoal. A miña muller dixo que tiñan toda a razón, e que lle parecía aberrante expor unha matriz nunha institución pública, e aínda máis nun lugar por onde andaban os nenos. Eu, ante isto, non souben que pensar. Pero no meu interior sabía que se non entraba no museo para roubar a matriz e coidala, deixaría de ser quen era. Igual ca meu pai aquela noite, nas escaleiras do avión, eu sabía perfectamente o que tiña que facer. Dous días despois collín a furgoneta do traballo e cheguei ao museo pouco antes da hora de peche. As salas estaban desertas, pero tampouco non me preocupaba a posibilidade de cruzarme con alguén. Esa vez ía equipado, e ademais tiña un plan excelente. O único problema co que me atopei foi que a matriz desaparecera. O encargado da exposición sorprendeuse bastante ao verme, pero cando lle metín na gorxa o canón da miña flamante pistola *Jericho* soltou axiña a información. O día anterior vendéranlle a matriz a un filántropo xudeu, que solicitara que lla enviasen a unha das súas escolas bíblicas en Alaska. Polo camiño, en mar aberto, secuestráara un grupo ecoloxista local. O grupo emitira un comunicado de prensa no que afirmaba que o cativerio non era un lugar axeitado para unha matriz, e que polo tanto decidira liberala no seo da natureza. Segundo o informe da axencia Reuters, ese grupo ecoloxista era considerado extremista e perigoso, e actuaba dende un barco pirata capitaneado por un cazador de baleas retirado. Deille as grazas ao encargado pola información e gardei a pistola. De volta para a casa atopei todos os semáforos en vermello. Metinme por canellas laterais, sen mirar nin para os espellos retrovisores, tentando desfacer o nó que me atoaba a gorxa e esforceime en imaxinar a matriz da

miña nai no medio dun campo verde cuberto de orballo,
aboitando nun océano cheo de delfíns e atúns.

A colonia de vacacións de Kneller

Coido que ela chorou no meu funeral, non quero ser soberbio, pero estou case seguro. Ás veces consigo imaxinala perfectamente falándolle de min a algún nacho co que ten confianza. Falándolle da miña morte. De como me baixaron á tumba, tan insignificante e desgraciado coma unha chocolatina caducada. De cómo en realidade nunca o conseguimos. E despois o nacho pínaa ben pinada, o que é un consolo.

charon, polas cicatrices nos pulsos e tal, pero hai outras que están para mollar. A verdade é que a miña primeira noite aquí unha rapaza púxose a lanzarme miradiñas. Estaba ben boa, aínda que coa pel un pouco solta e branda, coma a de alguén que morreu afogado, pero tiña un corpo de dez, e os ollos tamén. Non obstante non lle entrei. Díxenme a min mesmo que era por Erga, que todo isto da morte só fixera que a amase aínda máis, pero vai ti saber, ao mellor é que son un reprimido e máis nada.

Capítulo un

No que Haím atopa traballo e coñece un pub de moda

Dous días despois de suicidarme atopei traballo aquí nunha pizzería que se chama Kamikaze e que pertence a unha gran cadea. A encargada das quendas portouse e axudoume a acomodarme no apartamento dun compañeiro, un alemán que tamén traballa aquí. O traballo non é gran cousa, pero como ocupación temporal non está nada mal. E este sitio... non sei, sempre que se falaba da vida despois da morte, do que había e non había e todo iso, nunca tiven unha idea clara ao respecto. Aínda que en todo caso, de haber algo, sempre imaxinei sons así como os dun sónar, e xente flotando no espazo e tal, mentres que aquí, non sei, todo isto lémbreme máis que nada ao centro de Tel Aviv. Porén, o meu compañeiro de piso, o alemán, díxome que este sitio é cravado a Frankfurt. Seica Frankfurt tamén é bastante horrendo.

Pola noite atopei un pub que, a verdade, está bastante ben. Chámase Cafeta Natos. A música non é nada mala. Se cadra non é a máis moderna, pero ten estilo, e entran moitas rapazas soas. A algunhas nótaselles cómo a espi-

Capítulo dous

No que Haím atopa un amigo de verdade e perde ao billar

Coñecín a Ari Gelfand na Cafeta Natos case por error. Era moi amigable e invitoume a unha cervexa, cousa que me preocupou moito. Estaba seguro de que intentaría darme unha pancada ou algo polo estilo, pero axiña me decatei de que non tiña maior interese en min, que simplemente estaba aburrido. Era uns anos máis vello ca min e estaba algo calvo, o que facía máis visible a cicatriz que tiña na sen dereita, do orificio de entrada da bala, e tamén a da sen esquerda, do orificio de saída, que era moito máis grande.

—Ollo ao piollo! —dixo Gelfand chiscando un ollo en dirección a dúas mozas apoiadas na barra que bebían coca-cola light, xusto ao noso carón—. Se lles imos, ímoslles xa.

Só despois que as dúas marcharon á mesa dun louro de coleta confesou que comezara a falar comigo porque pensaba que ía con elas.

—Pero iso non cambia nada —dixo, dando unha cabe-

zadiña contra a barra, mestura de consolo e frustración—. Aínda que mas presentases, ao final irían igual co louro ese. Éche así, a todas as mozas ás que intentei entrarlles sempre había un louriño agardándoas nalgures. Pero non penses nin por un segundo que iso me converteu nun resentido. Se cadra un pouco desesperado, pero resentido de ningún xeito.

Despois doutras catro cervexas fomos xogar ao billar e Ari empezou a falar-me del. Contoume que vivía non lonxe da miña casa, na dos pais, cousa bastante infrecuente, pois aquí a maioría da xente vive soa, ou como moito coa moza ou cun compañeiro de piso. Os pais de Ari suicidáranse cinco anos antes ca el. A nai tiña non sei que enfermidade, e o pai non quixo quedar só cando ela morrese. Vivía con eles o seu irmán pequeno, que chegara non había moito. Tamén el se pegara un tiro cando facía a instrución no exército.

—Xa sei que é feo que o diga —dixo Ari sorrindo, mentres metía a bóla negra na troneira esquerda—, pero canto nos alegamos de que viñese! Tiñas que ver ao meu vello, a quen xa lle podes bater cun martelo de cinco quilos no pé que nin sequera pestanexa, abrazando ao meu irmán pequeno e chorando coma un cativo!

Capítulo tres

No que Kurt se pon a choromicar e Haím empeza a cansarse

Dende o día en que coñecín a Ari, dedicámonos a ir todas as noites de ronda polos pubs. Aquí apenas hai tres, e propuxémonos percorrelos todos, para estar seguros de que non perdiamos nin un. Ao final sempre rematabamos na Cafeta Natos, que era o mellor e tamén o que abría ata máis tarde. A saída de onte foi bastante merdenta, xa que Ari levou a ese amigo seu, Kurt. Ari admírao moito porque foi o cantante de Nirvana e tal, pero a verdade é que é un pouco pesadiño. Non é que eu estea moi contento aquí, pero el está protestando todo o tempo, e unha vez que empeza xa é imposible paralo. Calquera cousa que se diga sempre lle fai lembrar algunha desas cancións que escribiu, e entón ten que recitarla para que admires a letra. Ás veces ata se presenta ao camareiro e pídelle que poña unha canción súa, e entón xa non sabe un onde meterse. E o caso é que non son eu o único: cáelle mal a todo o mundo menos a Ari. Penso que a causa está no feito de que, despois de que un a espicha, con todas as dores que iso supón (e asegúrovos que non tendes idea de

canto doe), a última cousa que apetece é estar con alguén que non fai máis que contar o desgraciado que é. Se esas historias che importaran un carallo aínda estarías vivo cun deprimente póster de Nick Cave sobre a cama, cantando unha das súas melodramáticas baladas, en vez de estar aquí. Pero a verdade é que el non é o único. Onte tamén eu estaba deprimido. Xa empezo a estar un pouco farto do traballo na pizzería e de andar de ronda polos pubs. Ver todas as noites ás mesmas persoas bebendo refrescos sen gas, que aínda que te miren en fite sentes que están ausentes. Non sei, quizais sexa un pouco pesimista, pero cando os miras, incluso nos momentos máis intensos, cando se bican ou bailan, ou se están a divertir contigo, parece coma se sempre estivesen así. Coma se non houberse nada ao que prestarlle atención, coma se ninguén fose realmente importante.

Capítulo catro

Cea na dos Gelfand

O venres Ari invitoume a cear cos seus pais.

–Ás oito –dixo–. E non chegues tarde. Vai haber *cbulent**.

O piso dos Gelfand era o típico piso polaco, con estantes de madeira feitos polo pai de Ari e un estucado nas paredes que metía medo. A verdade é que non me apetecía moito ir. Os pais sempre parecen convencidos de que eu exerzo unha influencia negativa sobre os seus fillos, non sei por que. Lémbrome da primeira vez que fun cear coa familia de Erga. Durante toda a cea o seu pai observoume coa mirada propia dun examinador que te vai suspender e logo, durante a sobremesa, insinuou, coma quen non quere a cousa, que eu intentaba meterlle a filla nas drogas.

–Ben sei como é a cousa –dixo, sorrindo coma un policía a piques de efectuar unha detención–, que eu

tamén fun mozo. Ides a unha festa, bailades un pouco, o ambiente caldéase e entón lévala a un cuarto e ofréceslle un canoto.

–Un canuto –tratei de corrixilo.

–Como se chame! Vouche dicir unha cousa, Haím. Se cadra coidas que son un inxenuo, pero coñezo de sobra todos os trucos.

A gran sorte que tiven coa familia Gelfand foi que os fillos estaban tan perdediños que os pais xa nin tiñan de que preocuparse. Alegráronse moito de que fose, e estiveron todo o tempo intentando encherme de comida. Hai algo agradable na comida caseira: é difícil de explicalo, pero ten algo único, un sentimento. Coma se o estómago soubese distinguir a comida que non pagaches, e que alguén preparou con cariño. E o meu estómago, despois de todas as pizzas, a comida chinesa e os pratos para levar que traguei dende que cheguei, soubo apreciar aquel xesto, e agradeceumo cunha onda de calor que enviaba de cando en vez en dirección ao peito.

–A nosa nai é un encanto –comentou Ari, abrazando agarimosamente a súa diminuta proxenitora, mais sen soltar os cubertos. Ela riu e preguntou se queriamos un pouco máis de tripa rechea, e o pai aproveitou para contar outro chiste perralleiro. E nese instante, de súpeto, botei de menos aos meus pais, e lembrei como me quenaban a cabeza e como facían que me avergoñase antes de espichala.

* *Cbulent*: prato da tradición xudía ashkenazi, típico do shabat, consistente nun estufado de carne cociñado a moi pouco lume durante un período de tempo moi longo (ata 24 horas, ou máis). (*N. do T.*)

Capítulo cinco

No que Haím e o menor dos Gelfand lavan a louza

Despois da cea sentei coa familia Gelfand no salón. O pai de Ari prendeu a televisión. Poñían un deses insufribles programas de invitados, e el non paraba de insultar á xente que aparecía. Ari, que se cadra bimbara unha botella enteira de viño el só durante a comida, deitouse a durmir no sofá. Como aquilo era aburridísimo Raanan, o irmán pequeno de Ari, e mais eu ofrecémonos voluntarios para lavar a louza, a pesar das protestas da nai. Raanan lavaba e eu secaba. Pregunteille se se adaptara ben, porque sabía que non había moito que a espichara e a maioría da xente, cando chega, sofre unha especie de shock, polo menos ao principio. Raanan encolleuse de ombros e dixo que coidaba que si.

—Se non fose por Ari —dixo—, tería chegado aquí moito antes.

Xa acabáramos de lavar toda a louza e comezamos a colocala no moble. Entón Raanan contoume unha historia bastante estraña. Resulta que unha vez, cando tiña dez anos, fora el só en taxi ver un partido de máxima rivalida-

de entre os dous equipos de fútbol de Petah Tikva. Daquela era seareiro do Macabi, coa gorra, a bufanda e toda a pesca. O Macabi non saíu en todo o partido da área do Hapoel, que nin sequera conseguira dar dous passes. E entón, a oito minutos do final, no seu único ataque en todo o partido, o Hapoel marcou un gol fóra de xogo. Non fora unha xogada confusa, senón un fóra de xogo clarísimo, deses que despois dan para unha boa polémica na televisión. Os xogadores do Macabi intentaron discutir co árbitro, pero este confirmou decontado que a xogada fora correcta. O Hapoel gañou e Raanan volveu para a casa indignado e desanimado. Nesa época Ari entrenaba moito, porque quería entrar nunha unidade do exército, e Raanan, que o admiraba, colleu a corda de saltar do irmán, fixo un pequeno nó e atouna con forza nas barras horizontais que Ari colocara no patio. Despois chamou a Ari, que nese momento estaba intentando estudar para a selectividade ou para algún exame polo estilo, e contoulle toda a historia sobre o partido, o gol e a grande inxustiza que acontecera. Logo amosoulle a Ari a corda pendurada das barras horizontais e explicoulle que non tiña gana ningunha de seguir vivindo nun mundo tan inxusto, onde o equipo dos seus amores podía perder así polas boas, incluso sen merecelo. E que lle contaba iso a el porque cría que era a persoa máis intelixente que coñecía, así que se non lle atopaba de inmediato unha boa razón para vivir, acabaría con todo e punto. Mentres Raanan estivo falando Ari non dixo nin mu, nin tampouco agora, que era o momento de dicir algo, senón que continuou calado, e en vez de falar deu un paso adiante e ferroulle unha hostia a Raanan que o lanzou a dous metros. E, coa mesma, deu a volta e regresou ao seu cuarto a seguir estudando para o exame. Raanan dixo que lle custara un tempo recuperarse

do golpe, pero que cando se puxo en pé desatou a corda das barras, devolveuna ao seu lugar e foise duchar. E desde entón non volveu falar con Ari sobre o significado da vida.

–Non sei que quixo dicirme exactamente con esa hostia –riu Raanan mentres secaba as mans nunha toalla–, pero fose o que fose funcionou, ata o servizo militar.

Capítulo seis

No que Haím deixa de saír e empeza a tolear

Xa van case dúas semanas que non saio polas noites. Porén, Ari chámame todos os días e promete que atoparemos rapazas cachondas, que o pasaremos ben e que non traerá a Kurt, pero non teño ganas. Unha vez cada tres días incluso me vén visitar ás tres da mañá. Colle unha cervexa na neveira e cóntame algunha anécdota graciosa que me perdín no pub, ou fálame dalgunha camarreira coa que case se enlea, dándome todo luxo de detalles, coma un neno que lle leva os deberes a un amigo enfermo. E ao final, antes de marchar, intenta convencerme de que baixe con el a tomar un cafeciño, como sobre-mesa. Onte expliqueille que iso de saír todas as noites xa non é para min, que ao final nunca chegabamos a nada coas chatis esas, e que volvía para a casa feito magas.

–E así non estás feito magas tamén? –dixo Ari con ton duro–. Mírate, sentado toda a mañá fronte ao televisor coma un mandril. Enténdeo, Haím: iso de que non pasa nada é un axioma. Pero aínda que non pase, polo menos que sexa nun sitio con chatis e música, non?

Cando marchou intentei continuar lendo o libro que lle collera ao meu compañeiro alemán. Algo deprimente sobre un enfermo de tuberculose que ía morrer a algún lugar de Italia. Na páxina vinte e tres rendíme e prendín a televisión. Había unha especie de concurso para formar parellas con xente que morrera o mesmo día, e todos eles explicaban por que o fixeran, pero de xeito divertido, e contaban o que farían co primeiro premio, se é que o gañaban. Entón pensei que Ari tiña razón, e que quedar na casa tampouco era ningunha marabilla, e que como non pasara algo axiña, tolearía.

Capítulo sete

*No que Haím frustra un roubo sen querer,
e case gaña un premio*

O día en que todo ía cambiar comezou cun roubo que frustrei. Sei que soa un pouco contradictorio, pero pasou de verdade. Xusto acababa de facer a compra no súper cando bateu comigo un tipo gordo e rubio cunha cicatriz no pescozo e caéronlle do abrigo uns vinte pratos precociñados conxelados. Quedamos os dous a cadros, un fronte ao outro. Coido que, dos dous, eu era o que estaba máis confuso. A caixeira que estaba ao noso carón púxose a berrar:

–Tzadok, ven axiña! Un ladrón! Un ladrón!

Quixen pedirlle desculpas ao gordo, dicirlle que me alegraba de que non fose gordo realmente, e que foran os pratos precociñados que agochaba debaixo do abrigo os que me confundiran, e que a próxima vez que ripase algo que collese máis verduras, que a carne, non sei como, sempre sae do microondas como húmida e gomosa. Pero en vez de dicir todo iso o que fixen foi encollerme de ombros, e o gordo, que agora ata parecía fraco, tamén se encolleu de ombros como só pode facelo alguén que par-

tiu o pescozo, e liscou. Un minuto despois chegou Tzadok cun pau na man, e quedou abraiado contemplando con mágoa todos aqueles pratos precociñados zapateados polo chan.

–Como é posible? –axeonllouse e murmurou para min e para as ervellas conxeladas esparexidas polo chan–. Como pode alguén facer semellante cousa? Que roube, pase, pero pisar así a musaka... que sentido ten?

Antes de que me dese tempo a fuxir chegou a caixeira e abrazoume.

–Que sorte tivemos! –díxome–. Menos mal que estaba vostede aquí! Mira, Tzadok, este é o señor que detivo ao ladrón.

–Estupendo –farfallou Tzadok sen apartar os ollos da musaka esmagada–, estupendo. A cadea de supermercados Superdeal estalle moi agradecida. Se me acompaña á oficina e me deixa os seus datos persoais...

–Vaia, vaia! –interrompeu a caixeira–. Seguro que lle dan un premio.

Tzadok, namentres, recolleu os pratos precociñados e intentou avaliar a desfeita. Devolvínlle o sorriso á caixeira e díxenlle que llo agradecía moito pero que non era necesario, e que ademais tiña moita présa.

–Está seguro? –preguntou, decepcionada–. Mire que é un premio que paga a pena. Unha fin de semana para dúas persoas nun hotel.

Cando llo contei despois a Gelfand case rebenta.

–Conque unha fin de semana para dúas persoas nun hotel, eh? –exclamou mentres mondaba un plátano–. Imposible ser máis directa. Esa, o que quería era ligar contigo.

–Non digas parvadas –díxenlle–. Simplemente é a política da empresa.

–Que tal estaba? –preguntou Gelfand sen facer caso do que lle dicía–. Estaba boa?

–Non estaba mal, pero...

–Non hai peros que vullan –insistiu Gelfand–. Máis datos. Cantos anos ten?

–Uns vinte e cinco –calculei.

–Cicatrices visibles? Veas cortadas, orificios de bala, ou algo polo estilo?

–Non, que eu lle vise.

–Unha *impecable* –dixo Gelfand para si, asubiando con admiración.

Impecables, así é como se lles chama aquí aos que se suicidan con pastillas ou veneno, coma min. Os que chegan sen ningunha cicatriz.

–Noviña, *impecable*, está boa...

–Eu non dixen que estivese boa –protestei.

–Vamos –dixo, mirándome por enriba do ombro mentres puña a súa horrible cazadora de aviador.

–A onde? –preguntei, tratando de gañar tempo.

–Ao Superdeal –anunciou de forma categórica–. Vamos reclamar o premio que nos corresponde.

–Que *nos* corresponde? –dixen, con abraio.

–Cala e móvete –ordenoume Gelfand, atrincheirado no seu estilo asertivo. De xeito que calei e fun con el.

Namentres, no Superdeal cambiara a quenda. Tzadok e a caixeira xa non estaban, e os outros empregados non sabían nada do asunto. Gelfand intentou discutir un pouco e cando a cousa comezou a resultar bastante vergonzosa fun buscar unhas cervexas. Ao lado do acuario das carpas atopeime con Tziki, o meu compañeiro de piso de cando estaba vivo. Foi unha boa sorpresa atopalo aquí. Tziki era unha das persoas máis desagradables que coñecín, o tipo de fulano que che arma unha escena

por deixar uns poucos pelos na bañeira, ou por acabarlle co requeixo, pero a última persoa no mundo que un pensaría que chegaría a suicidarse. Fixen coma quen que non o vía e seguín para diante, pero cachoume e paroume cun berro:

–Haím! Xa sabía eu que nos iamos acabar atopando.

–Home, Tziki! –exclamei, forzando un sorriso–. Como che vai? Que fas ti por aquí?

–Pois o mesmo que todos –murmurou–, o mesmo que todos. Ata diría que ten algo que ver contigo.

–E logo? –preguntei–. Deixei a cociña sen recoller antes de espichala ou que?

–He, he –riu Tziki timidamente–. Ti sempre tan gracioso.

E entón contoume con todo luxo de detalles como se tirara pola fiestra do apartamento, que era un terceiro piso. Contaba con que todo fose bastante inmediato, pero non aterrou alá moi ben: a metade sobre o coche dun veciño e a outra metade sobre a sebe, de xeito que a cousa se prolongou varias horas ata que rematou. Díxenlle que seguía sen ver que relación tiña aquilo comigo, e contestoume que a verdade era que moita relación non tiña, pero que:

–Xa sabes –dixo, encurvando a columna vertebral para atrás e apoiando o pescozo no estante dos cereais–, hai unha especie de refrán que di que os suicidios van sempre de tres en tres. E algo diso hai. A xente que tes ao redor morre e entón comezas a pensar en ti mesmo, no que te diferencia deles, no que de verdade te mantén vivo. Isto caeume enriba coma un mísil Scud; simplemente non tiña resposta. O teu suicidio non foi tanto, pero o de Erga...

–O de Erga? –interrompino.

–Si, o de Erga. Foi máis ou menos un mes despois do teu funeral. Vaia, pensei que xa o saberías.

Entón, un dos empregados do Superdeal saíu de detrás do mostrador e deulle unha martelada a unha pobre carpa, e sentín que as bágoas me caían pola faciana. Dende que cheguei aquí non chorara nin sequera unha vez.

–Non te poñas triste –dixo Tziki, tocándome coa man suada–. Os médicos dixeron que non sentiu nada. Foi inmediato, xa sabes.

–Quen está triste? Que pasada! –exclamei, bicándoo na fronte–. Está aquí! Non o entendes? Só teño que atopala!

De lonxe puiden ver ao encargado das quendas explicarlle algo a Gelfand, que asentía coa cabeza con xesto aburrido. Supoño que ata el aceptaba xa que non iamos levar o premio.

Capítulo oito

*No que Ari intenta ensinarlle a Haím algo sobre a vida,
e axiña perde a paciencia*

–Non a vas atopar na vida –sentenciou Gelfand mentres collía unha cervexa da neveira–. Apóstоче o que queiras.

–Unha cervexa –dixen sorrindo, sen deixar de facer a equipaxe.

–Unha cervexa –repetiu Gelfand imitando a miña voz–. Imbécil. Ti sabes cantos cadáveres hai aquí? Non tes nin idea. Non sei canto tempo levamos paseando por este sitio ti e máis eu e non coñecemos nin a metade da xente. A onde a vas ir buscar, ao inferno? Ao mellor resulta que a Nofar esa vive xusto no piso de arriba do teu.

–Erga –corrixino.

–Erga, Nofar, Senhav... Que máis ten? –dixo mentres abría unha cervexa contra a esquina da mesa–. Só son macizas.

Pasei del e seguí facendo a equipaxe.

–A fin de contas, que significa Erga? –dixo Gelfand cun sorriso–. Orgasmo en hebreo, non?

–Algo así –dixen, sen forzas para discutir.

–Que clase de pais lle poñen un nome así á súa filla pequena? Escoita, Haím, cando a atopas tes que presentarme á súa nai.

–Prometido –dixen, levantando tres dedos da man dereita–. Palabra de boy scout.

–Entón, por onde tes pensado empezar?

Encollín os ombros e engadín:

–Erga sempre dicía que odiaba a cidade, que quería vivir nun lugar máis pequeno. Con can, xardín... xa sabes.

–Con iso non me dis nada –protestou Gelfand–. As nachas sempre din o mesmo, e ao final acaban alugando un apartamento nunha zona residencial cun reservista. Dígocho eu, que se cadra vive a cen metros de aquí.

–Non sei... Estou case seguro de que non está na cidade –dixen, bebendo un grollo da súa cervexa–. Chámalle intuición. No peor dos casos daremos un paseo en van.

–Daremos? –preguntou Gelfand con receo.

–É unha forma de falar –tranquileiceino–. Non pensei nin por un momento que foses vir comigo só por unha maciza rica. Amais, sei de sobra que es unha persoa con moitos compromisos.

–Eh! –dixo, anoxado–. Non me toques os collóns.

–Ao contrario –contestei–. Acabo de explicarcho. Nin sequera pretendía que viñeses.

–Non quero que quedes coa idea de que son un cabrón. A min dáme unha boa razón e vou.

–Estou namorado dela –intentei argumentar.

–Non estás namorado dela tal –rosmou Gelfand–. É igual que o do teu estúpido suicidio. Enches a cabeza de palabras. Para que? Pensas que o teu suicidio foi máis intelixente por iso? Non quero discutir contigo, Haím. Só intento dicirche algo, non sei, non teño nin idea do qué –sentouse ao meu carón e continuou–: Falando en

prata, dende que chegaches aquí, con cantas rapazas fodeches?

–Por que?

–Por saber.

–Foder foder... coido que con ningunha.

–Coidas?

–Con ningunha –confesei–. Pero iso que importa?

–Importa. Porque agora o teu corpo está que sobor-da de seme, entendes? Abres os ollos e ves gris. Xa chegou a un nivel que che comprime o cerebro contra o cranio de xeito que che parece que estás a experimentar uns sentimentos que ninguén en todo o universo viviu antes ca ti. Unha experiencia tan intensa que paga a pena morrer por ela, deixalo todo, ir vivir a Galilea. Viviches algunha vez en Galilea? Sabes que...?

–Para, Ari. Non teño forzas para iso –interrompi-no–. Déixame o coche, vale? E sen tocarme os collóns co tema do seguro. Se rompo algo, págoo.

–Non me insultes agora –dixo Gelfand tocándome o ombro–. O único que che dixen é que non me pareceu unha razón boa dabondo. Nin sequera che dixen que non ía ir contigo. Ao mellor tes razón. Ao mellor estouche a comer a cabeza, ao mellor a Nofar esa é realmente alguén moi especial...

–Erga –corrixino de novo.

–Tes razón –sorriu–. Perdoa

–Sabes que? Esquécete das chatas ricas, o amor e todas esas conachadas –dixen, cambiando de táctica–. Se cadra teño outra razón para convencerte de que veñas.

–A ver –dixo Gelfand, tratando de parecer interesa-do mentres guindaba a botella de cervexa baleira no lixo.

–Tes algo mellor que facer?

Capítulo nove

*No que os dous amigos saen na procura de Erga
e en troques dan cuns árabes*

Gelfand prometeulle aos seus pais que chamaría todos os días, e dende o primeiro quilómetro xa comezou a buscar un teléfono.

–Tranquilo, home –díxenlle–. Estiveches en Sudamérica, estiveches na India, pegácheste un tiro na cabeza. Non ten sentido que te comportes coma un neno nun campamento de boy scouts.

–Mira Haím, xa cho aviso: non me amoles –rosmou Gelfand mentres conducía–. Mira para este sitio. Fíxate que pintas. A verdade é que non sei para que carallo vin contigo.

A xente que paseaba por alí era moi parecida á que vivía na nosa veciñanza, cos ollos un pouco apagados e arrastrando os pés. A única diferenza era que Gelfand non os coñecía, e iso chegaba para que comezase coas súas paranoias.

–Non son paranoias. É que non te das conta? Aquí todos son árabes. Díxenche que tiñamos que ir máis ao nor-

te. Todas as nachas que están boas viven no norte. É ben sabido. No leste non hai nada á parte de xente do leste.

–E que pasa se son árabes? –dixen eu–. Que problema hai?

–Non sei, árabes suicidas... Non te agobia? Nin sequera un pouco? E se se decatan de que somos israelís?

–Daquela matariánnos outra vez. Non entendes que lles importa un carallo? Eles están mortos, nós estamos mortos. Acabou o conto.

–Non sei... –murmurou Gelfand–. Non me gustan os árabes. Nin sequera é unha cuestión política, senón máis ben algo étnico.

–Dime, Ari, non tes xa defectos dabondo sen seres racista?

–Eu non son racista –defendeuse–. É só... xa sabes... Vale, se cadra son un pouco racista. Pero un chisquiño de nada.

Comezaba a escurecer, e como xa había tempo que Gelfand non tiña luces no seu vello e estartelado utilitario, tivemos que parar á noitiña. Pechou as portas por dentro e teimou con que durmísemos no coche. Reclinamos os asentos e fixemos coma quen que adormeceramos ao momento. De cando en vez Ari facía a comedia de estirarse e dar a volta. Era realmente patético. Pero ao cabo dunha hora ata el se fartou. Volveu levantar o asento e dixo:

–Veña, imos buscar un pub.

–E os árabes?

–Ao carallo cos árabes –contestou–. Se hai algún problema, a hostias con eles, coma no exército.

–Tí non estiveches no exército –lembreille–. Librachas tras o exame psicolóxico, para ser exactos.

–Tampouco fai falta –respondeu mentres saía do coche e pechaba a porta dun golpe–. Vino na tele.

Capítulo dez

No que Ari se arrepinte de non ter feito o servizo militar e descobre o difícil que é sacar aos mortos do seu letargo

Ao final estaba claro que Ari tiña razón, e que aquel era un barrio de árabes. Pero tamén eu tiña razón, porque certamente ninguén estaba demasiado interesado en saber o que poñía nos nosos pasaportes antes de morrermos. O pub no que entramos chamábase Gin, que por un lado é o nome do xenio que Aladino sacou da lámpada marabillosa, e por outro a bebida que mesturan con tónica as raparigas e os miñaxoias que lle teñen medo ao whisky. Ari dixo que aquilo nin era un xogo de palabras nin nada, pero o certo era que en comparación con “Cafeta Natos” calquera cousa soaba ben.

Sentamos na barra. O camareiro parecía un deses que morrera de mala maneira, e en bastantes anacos. Ari intentou falar con el en inglés, pero percibiu axiña o seu sotaque e respondeulle nun hebreo desganado.

–Non hai cervexa de botella. Só de barril –murmurou.

A súa cara parecía un quebracabezas do que alguén se cansara e deixara a medio facer, con medio bigote na

parte esquerda do nariz e nada na parte dereita.

–Pois ponme unha de barril, meu –dixo Ari dándolle unha palmadiña no ombro–. Vámoslle tomar unha á saúde dos da División de Apoio, Ahmed.

–Naser –corrixiu o camareiro, circunspecto, mentres enchía os vasos–. Que é iso da División de Apoio? Estiveches no exército? –preguntoulle á vez que servía as consumicións.

–Si –mentiu Ari–, nos grupos especiais que entran aos territorios disfrazados de árabes. Ata agosto de... buf! Xa nin me lembro, de tanto como me fixeron correr.

–Vaia! –dixo Naser, e achegoulle a cervexa a Ari. E cando me pasou a min a miña murmuroume–: O teu colega está un pouco pirado, non?

–Un pouco? –sorrín.

–En fin –continuou Naser–, como dicides vós, ese é o seu encanto.

–Vaia! –exclamou Ari, baixando medio vaso dun grolo–. Este é o meu encanto.

–Cando estaba vivo non fixo o servizo militar e agora iso reconcómeo –expliqueille.

–Fixen tal –insistiu Ari–. E ata reenganchei. A pistola –sinalou a sen furada e fixo o aceno de disparar– era a miña arma regulamentaria. Oes, Naser, e ti como baixaches a persiana?

Estaba claro que Ari buscaba liorta, porque se hai algo que aquí non se lle pregunta a ninguén é como se suicidou. Pero o Naser este estaba tan acabado que nin sequera Ari tiña posibilidades de pelexar con el.

–Bum! –dixo, sorrindo sen moitas ganas e meneando un pouco o corpo escachizado–. É que non o vedes?

–Vaia! –continuou Ari–. Así que “bum!” E a cantos mataches?

Naser sacudiu a cabeza e serviuse un vodka.

–Como o vou saber?

–Non llo preguntaches aquí a ninguén? –dixo Ari, abraiado–. Seguro que chegaron outros despois de ti.

–Iso non se pregunta –contestou Naser baixando o vodka dun grolo.

–Dime cando e onde foi –cismou Ari–. Se a espichei despois de ti, igual che podo dicir cantos...

–Déixao –dixo Naser poñéndose algo máis serio por un intre–. Para que?

–Entón que? –dixen, intentando cambiar de tema–. Isto está que se afoga coa xente.

–Está que estoupa –sorriu Naser–. Todas as noites, O problema é que son todo son homes. Ao mellor de cando en vez veñen un par de raparigas. Ou algunha turista, pero moi rara vez.

–Oes –inquiriu Ari–, e é certo iso que din de que antes de que saías para unha acción che prometen setenta virxes despampanantes e ninfómanas no outro mundo? Todas para ti?

–É certo –contestou Naser –. E mira como acabei: deime á bebida.

–Entón ao final non fuches máis ca un ignorantíño, eh, Naser? Ha, ha, ha! –dixo Ari.

–Éche así –asentiu Naser–. E a ti? Que che prometeron a ti?

Capítulo once

*No que Haím soña que el e mais Erga mercan un sofá,
e esperta á cruel realidade*

Pola noite, no coche, soñei que Erga e mais eu iamos mercar un sofá e o vendedor era o árabe do pub ao que tanto amolara Ari. Amosounos toda clase de modelos, pero non nos dabamos decidido. Erga empeñouse en que comprásemos un horroroso, cunha funda de tea vermella, pero eu quería outro distinto, non lembro exactamente cal. Entón comezamos a discutir no medio da tenda, unha liorta do copón, a berros. A discusión foise facendo cada vez máis violenta, ata que comezamos a insultarnos e a zoscarnos un ao outro, e entón, de súpeto, no soño, contívenme, parei e díxenlle:

–Non pelexemos. Que máis dá iso? Non é máis ca un sofá. O importante é que esteamos xuntos.

E cando llo dixen, sorriu. E entón, en vez de devolvelle o sorriso, espertei no coche. No asento do lado estaba Ari, enroscado e durmido, cagándose en todos os que o estaban a molestar no soño.

–Ti cala a boca –ordenoulle a un que, segundo pare-

cía, se propasara—. Como volvas abrir o peteiro fágoche unha empanada na cara.

Pero o outro debeu seguir, porque Ari intentou erguerse e bateu coas costelas contra o volante. Unha vez que espertou abrimos as xanelas e prendemos un cigarro.

–Mañá mercamos un *wigwam* ou un iglú ou como carallo se chame á merda esa de plástico que venden nas tendas de deportes –anunciou Ari.

–Unha tenda de campaña –apuntei.

–Si, unha tenda de campaña. É a última vez que durmimos no coche.

Entón Ari deulle a última calada ao cigarro e guindou a cabicha pola xanela, dicindo:

–O certo é que era boa xente o árabe ese do pub. A cervexa era unha merda pero Naser era un tipo simpático. Sabes que soñei?

–Si –contestei, apurando o que quedaba do cigarro–, que lle cagabas na cabeza.

Capítulo doce

*No que os dous amigos lle paran a unha autoestopista
maciza e intentan iniciar unha conversa*

Á mañá seguinte Ari e mais eu collemos a unha rapaza que facía dedo, o que é bastante estraño, se o pensas ben, xa que aquí ninguén viaxa facendo dedo. Ari xa a vira de lonxe.

–Mira para esa! –dixo, entre dentes–. Mimadriña, que boa está!

–Unha *impecable*? –pregunteille con ollos entornados.

–E non unha *impecable* calquera –respondeu Ari–. Unha *impecable* de escacha e arromba! Xúrocho que se non estivésemos aquí, na vida pensaría que unha nacha así se suicidaría.

Normalmente, cando Ari se pon quente, esaxera en todo, pero a verdade é que tiña razón. A rapaza tiña unha vida nos ollos que non se ve con moita frecuencia por aquí. Unha vez que a pasamos seguí mirándoa polo espello retrovisor: cabelo negro e longo, levaba unha desas mochilas coma as dos turistas, e de súpeto vin que facía acenos coa man. Tamén Ari o viu e freou. O coche

que viña detrás case choca contra nós, pero no último segundo conseguiu esquivarnos. Ari foi marcha atrás e paramos ao carón dela.

–Sube, colega –dixo en voz alta, intentando parecer indiferente, aínda que sen moito éxito.

–Ata onde ides? –preguntou con desconfianza.

–Imos ao leste –respondín.

–Ao leste a onde? –engadiu á vez que metía a mochila e despois entraba ela no coche. Encollínme de ombros.

–Non tendes idea de a onde ides?

–Ti non hai moito que chegaches aquí, eh? –riu Ari.

–Por que o dis? –preguntou ela, ofendida.

–Porque doutro xeito xa saberías que por aquí ninguén ten moita idea de nada. Ao mellor, se a tivésemos, non acababamos suicidándonos.

Chamábase Lihi, e contounos que era certo que non había moito que chegara, e que dende entón viaxaba a dedo, porque andaba na procura dos encargados do lugar.

–Os encargados deste lugar?– riu Ari–. Pero ti que pensas? Que isto é un club de campo e que estás buscando a oficina do xerente? Este sitio é exactamente igual que antes de que morreses, só que un chisco peor. Dime, cando aínda estabas viva, intentaches algunha vez atopar a Deus?

–Pois non –respondeu Lihi á vez que me ofrecía un chicle–. Pero daquela tampouco tiña moitos motivos para facelo.

–E cal é o motivo preciso que tes agora? –dixo Ari mentres collía tamén un chicle–. Que te arrepentiches? Porque verás, se é ese o caso e resulta que xa metiches a equipaxe na mochila e só buscas a alguén que che arranxe o visado de regreso...

–Dime –corteino antes de que comezase a resultar ofensivo de verdade–, por que acenaches coa man, como facendo dedo, xusto despois de que pasáramos?

–Eu que sei –respondeu, encollendo os ombros–. Por algún motivo non estaba segura de que quixera ir convosco. De lonxe parecésteime un pouco...

–Perigosos? –insinuou Ari.

–Non –sorriu Lihi, confundida– pesados.

Capítulo trece

*No que Haím segue sen perder a esperanza,
Ari quéixase e Lihi... segue de manga longa*

Xa pasaron cinco días dende que collemos a Lihi. Ari segue xuntando moreíñas de moedas e procurando teléfonos todo o tempo. Non hai día en que non fale cos pais polo menos unha hora. E cando Lihi e eu nos rimos del, oféndese todo. O que é certo é que rematou coa leria do seguro do coche e xa alternabamos a condución do coche os tres. O ritmo que levabamos non era malo, e iso que non podíamos conducir de noite por non ter luces o coche. Ao noso redor a cidade comezaba a esvaecerse, e había menos xente e máis ceo, máis casas pequenas con xardín, a pesar de que aquí, dalgún xeito, todo parece sempre decadente. A tenda de campaña resultou ser unha magnífica compra, e comezamos a acostumarnos a ela. Todas as noites teño esa parvada de soño da pelexa con Erga, e todas as noites ao final reconciliámonos, e despois, cando esperto, Ari di que nunca a imos atopar pero que non lle importa seguir ata que me farte. Sempre porfía en falar de Erga cando Lihi está ao noso carón. Lihi pensa

que si que teño posibilidades, pero Ari non lle fai moito caso. Onte, cando baixamos do coche el e máis eu para mexar, comezou a queixarse de que dende que ela se unira a nós o ambiente enrarecérase.

–Fodela non a vai foder ningún dos dous –dixo, mentres se sacudía–, pero polo menos cando estabamos sos podíamos falar de porcalladas.

–Tamén agora es libre de falar de porcalladas –dixen–. Quen cho impide?

Xa acabáramos de mexar, pero seguimos de pé na mesma posición para poder seguir a falar.

–En principio tes razón –admitiu Ari–, pero no fondo ambos sabemos que botar a lingua a pacer cando hai unha chati preto non é exactamente o mesmo. Cando hai unha muller sempre resulta, por algún motivo, menos espontáneo e máis provocador.

Despois volvemos ao coche e eu substituí a Ari ao volante. Todo ese tempo Lihi durmía no asento traseiro co chándal posto. Dende que a collemos aínda nunca a vira de manga curta. Ari dixo que estaba disposto a apostar o coche a que abriera as veas, pero ningún dos dous tiña a coraxe suficiente para preguntarlle como se mata e por que. E tampouco era algo realmente importante. Estaba ben linda cando durmía, apraciblemente, e á parte do conto ese de atopar aos encargados, que resultaba bastante raro, era moi simpática. A pesar de todas as súas queixas creo que Ari se namorou dela, e quizais xustamente por iso se queixaba, para que non me dese de conta. A verdade é que ás veces tamén eu teño pensamentos dese tipo: que quizais non atope a Erga, e que ao mellor Lihi se namora un chisco de min, pero córtoos de raíz. Ademais, presinto que Erga está moi preto. Ari di que non son máis que parvadas miñas, que seguro que

está na outra punta e que estea onde estea xa terá a alguén, probablemente un negro que se suicidou colgándose da caralla. Pero eu case podo ulir o preto que está, e como a vou atopar, e o feito de que o mellor amigo que teño aquí se desespere e se dea por vencido non significa que eu tamén o faga.

Capítulo catorce

Que comeza cun milagre e case remata cunha desgraza

Pola noite, cando xa buscábamos un lugar onde acampar, pasounos algo estraño. Conducía Lihi, e un camiión que quería adiantar pegou un bucinazo tan tremendo que Lihi se botou a un lado para deixalo pasar. E cando puxo o intermitente para volver á estrada, as luces do coche acendéronse de súpeto. Ari, que ía sentado detrás, entrou en éxtase.

–Es unha meiga! Es un xenio! –dixo, e bicou a Lihi con tanto entusiasmo que case perdeu o control do vehículo–. Es a Florence Nightingale dos coches! Que digo Nightingale? Marie Curie! Golda Meir!

–Tranquilo Ari –riu Lihi–. Só son as luces.

–Que só son as luces! –exclamou, observándoa con cara de compaixón–. Que inocente es! Tan xenial e tan inocentona. Ti sabes cantos mecánicos intentaron arranxar este futingo? Nin mecánicos, nin enxeñeiros nucleares, nin doutores holísticos da mecánica pesada, nin uns nachos capaces de desarmar e volver armar un motor Mac diésel en vinte segundos cos ollos pechados, ningún

deles conseguiu arranxalo, ata que chegaches ti –dixo, dándolle unha masaxe no pescozo–, meu anxo da garda.

A min deume a impresión de que o espontáneo entusiasmo de Ari xa se arrefriara un pouco, e que só continuaba voceando como pretexto para poder apalpar un pouco máis a Lihi.

–Sabes o que significa isto? –preguntei–. Que agora tamén podemos conducir de noite.

–Si! –dixo Ari–. E o primeiro sitio ao que imos ir esta noite con estas luces marabillosamente cegadoras é a coller unha boa tranca.

Seguimos en marcha, buscando un pub. Pero unha vez fóra da cidade a cousa está bastante morta. Cada media hora pasabamos por un cartel cunha frecha que sinalaba unha hamburguesería ou unha pizzería. Ao cabo de catro horas Ari fartouse e parou para celebralo nun sitio onde vendían xeados e iogur conxelado. Preguntou que era o máis parecido que tiñan ao alcol, e a dependenta contestou que un xeadado con sabor a licor de cereixa.

–Dime, Sandra –díxolle Ari, mentres miraba o nome na chapa que levaba a dependenta–, cantas bólas de xeadado cres que teño que engulir para embebedarme?

Na chapa, debaixo do nome, tiña o logo da empresa: unha foca cun gorro de pallaso montada nun monociclo, e debaixo o eslogan: “Pequeno en prezo, grande en sabor”.

–Non sei –respondeu Sandra encollendo os ombros.

–Pois dámos catro quilos –determinou Ari–. Para estarmos seguros.

Sandra encheu os vasos con bastante destreza. Parecía un pouco cansa, pero mantivo todo o tempo os ollos abertos de par en par, coma se estivese permanentemente abraiada. Como queira que morrese, tivera que ser de forma súbita. De volta ao coche Lihi parou xunto a un

deses carteliños que din o que teñen que facer os empregados: tratar con amabilidade aos clientes, lavar as mans ao saír do baño e cousas polo estilo. Cando traballaba na pizzería Kamikaze tamén tiñamos un así colgado ao lado do baño, e eu nunca lavaba as mans despois de cagar, non por nada en especial: só para sentir que facía o que me petaba.

–Estes sitios teñen algo deprimente –dixo Lihi cando xa estabamos comendo o xeado dentro do coche–. Sempre que entro nun lugar así, espero que suceda algo inesperado. Aínda que sexa algo insignificante. Que o dependente leve a chapa co seu nome do revés, que lle esquecese poñer a gorra, ou que simplemente diga: “nin se che ocorra, que a comida de aquí é noxenta”. Pero o certo é que nunca pasa nada. Sabedes o que vos digo?

–Se che digo a verdade –dixo Ari arrebatándolle o vaso do xeado–, non. Queres que te releve ao volante?

Estaba máis que claro que devecía por conducir coas luces novas. Apenas un quilómetro despois de cambiar de condutor había unha curva á dereita, e xusto despois atopamos un home alto e delgado, con lentes, que durmía deitado no medio da estrada. O tipo non deixou de roncar nin sequera cando Ari se saíu da estrada e nos esnaframos contra unha árbore. Saímos do coche. Ninguén de nós se mancara realmente, pero o futingo quedou totalmente escanastrado.

–Oe! –Ari foi correndo onda o fulano estomballado na estrada e sacudiuno–. Ti estás tolo ou que?

–Ao contrario –dixo, mentres se poñía en pé dun pulo, cunha rapidez abraiante, e lle tendía unha man a Ari–. Son Rafael. Rafael Kneller. Pero podedes chamarme Rafi.

E cando viu que Ari non lle apertaba a man estendida, entornou os ollos e preguntou:

–Que cheiro é ese? Parece xeado –e inmediatamente despois, sen agardar pola resposta, proseguiu–: Dícideme, por casualidade non veríades un can por aquí?

Capítulo quince

No que Kneller exhibe unha grande hospitalidade e algo de paranoia, e explica por que a súa casa non é realmente unha colonia de vacacións

Unha vez que Ari se calmou un pouco, revisamos o coche e comprobamos que non había nada que facer. Kneller sentiuse fatal cando entendeu o que pasara e que todo fora pola súa culpa, e de súpeto propúxonos que foramos durmir á súa casa. Non parou de falar durante todo o camiño, e a cada paso que daba o seu corpo seguía varias direccións, coma se quixese ir a moitos sitios ao mesmo tempo e lle fose difícil decidir a onde. A dicir verdade o Kneller aquel parecía máis tolo ca unha caldeireta, pero non perigoso. Incluso cheiraba a inocencia, coma o cuíño dun bebé. Resultoume difícil imaxinar que se suicidara alguén así.

–Case nunca paseo por aquí a estas horas, pero xusto saín na procura do meu can, Fredi, que se perdeu. Non o veríades por aí? E de súpeto todo este ambiente pastoril conquistoume. Pero claro, é natural. A quen non lle gusta botar unha sesta entre as árbores? Xa sabedes,

no seo da natureza –argumentou Kneller, intentando explicar as súas ocorrencias á vez que movía as mans efusivamente.

–Pero así? No medio da estrada? Veña ho, ti non tes sentidiño ningún.

–Demasiadas drogas brandas –dixo, chiscándonos un ollo. Mais cando viu que Ari seguía serio e mesmo ameazante, apresurouse a engadir–: Drogas en sentido metafórico, eh?, que aquí ninguén fuma de verdade.

A casa de Kneller era exactamente igual a esas casañas inxenuas que adoitabamos pintar no parvulario, co seu tellado a dúas augas, cheminea, unha árbore no xardín e unha luz amarela nas fiestras. Na entrada da casa había un cartel enorme que puña en letras negras maiúsculas “Alúgase”, e por riba alguén esborranchara con pintura azul “Colonia de vacacións de Kneller”. Kneller explicounos que en realidade non era que a casa estivese en aluguer, senón que o estivera, pero entón chegou el e alugouna, e que tampouco tiña realmente unha colonia de vacacións, xa que só era unha broma non moi graciosa dun amigo seu que xa levaba un bo tempo vivindo con el, e que decidira, por mor dos invitados que viñan e as actividades que Kneller sempre lles organizaba, que aquilo era coma unha pequena colonia de vacacións.

–Agardade a que vexan o xeado –dixo sorrindo mentres sinalaba a caixa térmica cos vasos que Lihi sostiña na man–. Van tolear.

Capítulo dezaseis

*No que Libi fai un pequeno milagre
e Ari se namora dunha esquimó*

Xa levamos case un mes aquí e Kneller comeza a aceptar que o seu can Fredi non ten pensado volver. E tam pouco parece que o guindastre que pediu Gelfand vaia chegar algún día. A primeira semana Ari fíxolle a vida imposible a todo o mundo, e intentou chamar a todos os teléfonos posibles para atopar algún xeito de volver á casa, pero despois coñeceu unha esquimó tan fermosa que quitaba o impo, e suficientemente allea a este mundo como para non decatarse do carácter de Ari. Dende que están xuntos xa non segue agoniado coa idea de volver á casa. E aínda que segue a falar por teléfono cos pais unha vez ao día, agora fala case todo o tempo dela. Ao principio tamén a min me amolaba este sitio, con esa xente tan positiva, procedente de todas as partes do mundo, que só despois de morrer descubriu a boa vida. Era unha cousa a medio camiño entre os United Colors of Benetton e unha illa deserta, só que é unha xente realmente agradable; un pouco apalermados, se cadra, pero

intentan sacar o máximo do pouco que teñen. E no medio deles está Kneller, axitando as mans coma un director de orquestra. Conteille a Libi que cando estaba no instituto, no libro de física había un problema sobre O Home Prodixioso (así se chamaba no libro), que caía do tellado dun edificio e usaba un cronómetro para calcular o tempo da súa caída. Non describían o seu aspecto, pero por algún motivo imaxinábao igual que Kneller: moi posto no seu, pero completamente alleo a este mundo. Libi preguntoume que pasaba ao final co problema de física, e díxenlle que non me lembraba moi ben, pero que seguro que O Home Prodixioso sobrevivía, xa que era un libro de física para rapaces. E Libi díxome que entón seguro que era Kneller, porque ela podía velo facilmente chimpándose dende o tellado dun edificio, pero resultáballe imposible imaxinalo esnafrándose contra o chan. Pola mañá fomos traballar con el á súa horta, na que a día de hoxe non medrou outra cousa que herba. Na metade do traballo Libi abriu a billa para beber, e no canto de auga saíu soda. Libi e mais quedou quedamos abraiados, pero Kneller non pareceu impresionarse.

–Non lle fagades moito caso a iso –dixo, quitándolle importancia–. Aquí pasa decote.

–O que? –preguntei, totalmente pampo.

–Ese tipo de cousas –dixo Kneller, mentres seguía removendo a terra dos parterres.

–Milagres? –preguntei–. Porque verás, Rafi, non é que Libi convertese a auga en viño, pero non lle andou lonxe.

–Si que lle andou lonxe –dixo Kneller–. Se queres chamalo milagre, chámao, pero non é un milagre significativo. Deses aquí hai máis cá lama. Ata é estraño que vos decatádeses, porque a maioría da xente nin sequera lles presta atención.

Lihí e eu non o entendemos demasiado ben, pero Kneller explicounos que esa era unha das características máis peculiares da rexión. A xente era capaz de facer cousas realmente abraiantes, como transformar pedras en plantas, mudarlles a cor aos animais e incluso voar un pouco polo aire, pero sempre que non fose moi significativo nin cambiase ningunha cousa fundamental. Eu díxenlle que era bastante abraiante, e que se realmente pasaba tan a miúdo, entón podíase intentar organizar un espectáculo coma os dos magos, e mesmo transmitirlo por televisión.

–Pero iso precisamente é o que che trato de explicar –engadiu Kneller anciñando a terra con enerxía–. Non se pode porque en canto veña xente a propósito para velo deixará de funcionar. Estas cousas suceden só se a ningún lle importan. É coma se, por exemplo, te atopas de súpeto camiñando sobre as augas, que é algo que sucede aquí de cando en vez, pero só cando é seguro que non te espera nada no outro lado, ou que non hai ningún histórico ao redor que poida facer negocio co asunto.

Lihí contoulle o das luces do coche o día que nos atopamos, e Kneller dixo que era algo bastante típico.

–Arranxar as luces do coche a min paréceme significativo abondo –observei.

–Depende de a onde te dirixas –riu Kneller–. Se cinco minutos despois te esnafras contra unha árbore, xa non o é.

Capítulo dezasete

*No que Lihí lle conta a Haím un segredo,
e Ari insiste en que non é máis ca unha parvada*

Dende esa conversa con Kneller comecei a estar máis atento a todos eses milagres. Onte Lihí e mais eu estabamos paseando. Lihí parou un intre para atar os amallós dos zapatos e vimos como de súpeto a rocha na que pousara o pé apenas un segundo antes caeu ao revés, cara ao ceo ata desaparecer así, polas boas, sen ningunha razón. E o día anterior, cando Ari ía colocar as bólas na mesa de billar, vin que de repente unha delas se transformou nun ovo. A verdade é que devezou por facer o meu primeiro milagre; non me importa moito o que, aínda que sexa a cousa máis parva. Kneller di que o feito de que o desexe tanto xa o relega, e que por iso non o conseguirei nunca. Se cadra ten razón, pero hai algo nesa explicación que non me soa nada razoable, e si bastante confuso. Kneller di que non é a explicación, senón o lugar, o que é pouco razoable e confuso. Nun momento dado unha persoa suicídase e ala! Ao cabo dun intre xa o temos aquí coas súas cicatrices e unha hipoteca. E ademais, por que

só os que se suicidan? Por que non simplemente os que morren? A verdade é que todo isto parece non ter moito sentido. É así e punto. A fin de contas, quizais isto non sexa tan fenomenal, pero tamén podía ser moito peor.

Ari está todo o tempo coa súa nova moza. Hai un río non moi lonxe, e ela estalle ensinando a remar en kayak e a pescar, o que é bastante raro, porque dende logo eu nunca vin nin oín animais aquí, á parte do can de Kneller, quizais, que tampouco estou moi seguro de que exista de verdade. Ari non ten moito que darlle a cambio, e para non sentirse un aproveitado apréndelle nomes de ex futbolistas e a xurar en árabe. Eu, pola miña parte, paso a maior parte do tempo con Lihi. Kneller ten varias bicicletas no galpón, e paseamos moito con elas. Unha vez contoume como a espichara. Aclaroume que non se suicidara, senón que morrera de sobredose. Alguén lle ofrecera inxectarse non sei qué cousa. Era a primeira vez para os dous, e seica non o prepararon ben. Por iso cría que chegou aquí por equivocación, e que se atopaba a alguén con quen falar, a trasladarían de inmediato. O certo é que non creo que teña moitas posibilidades de dar con alguén así, pero penso que é mellor non dicirillo. Lihi pedíume que non llo contase a ninguén, pero eu comenteillo a Ari, e dixo que non era máis ca unha parvada, que aquí ninguén chega por equivocación. Conteille iso que di Kneller de que todo este lugar é un gran erro, e que se é raro dabondo para que unha bóla de billar se convirta nun ovo, tamén podía ser que Lihi chegase aquí por equivocación.

–Sabes a que me recorda iso?– murmurou Ari á vez que enchía a boca cunha torrada–. A esas películas nas que meten ao heroe no cárcere e se lle achega toda clase de xente contándolle que está alí por equivocación, e que

en realidade son inocentes, pero véselles na cara a todos que son máis culpables có pecado. Xa sabes que me derrito por Lihi, pero que parvada é esa da sobredose? Ti viches a alguén inxectarse en Tel Aviv? En Israel a xente tenlle pánico á antitetánica! Nada máis ver unha agulla xa se desmaian.

–Non é que fora ionqui nin nada polo estilo! –dixen eu–. Era a primeira vez.

–A primeira vez –dixo Ari, tomando un grollo de café–. Creme, Haím, ninguén morre a primeira vez, e non importa de que, a non ser que o desexe moito, moito.

Capítulo dezaoitto

*No que Haím soña que está nunha película de presidiarios
que remata mal, e todo por non ter carácter*

Esa mesma noite soñei que Ari, Lihi e eu fuxiamos dun cárcere. Primeiro escapabamos da nosa cela, o que era relativamente doado, pero despois, cando chegabamos ao patio, acendíase toda clase de alarmas e proxectores. Do outro lado do muro agardábanos unha Transit, e eu fixen de escada cos ombros para que Ari e Lihi saltasen o valado. Despois quixen pasar eu pero xa non había quen me axudase, e entón, de súpeto, vin a Kneller ao meu carón. E antes de que me dese tempo a pedirlle que me botase unha man, elevouse no aire e pasou ao outro lado voando, de xeito que xa estaban todos fóra agardando por min, incluso Erga, que conducía a furgoneta. Ás miñas costas oía as sirenas e os cans, e todas esas cousas que se oen nas películas de presidiarios, cada vez máis preto. E namentres, dende a outra parte do muro Ari berrábame: “Veña, Haím! Que che pasa? Voa un pouco!” E como se quixese poñerme máis nervioso, Kneller voou por riba da Transit e púxose a facer todo tipo de

piruetas e viravoltas. Eu tamén o intentei, pero non fun capaz. E entón marcharon todos, ou apareceu de socato a familia de Ari... a verdade é que desa parte xa non me lembro.

–Sabes que quere dicir ese soño? –díxome Ari–. Que estás guillado. Que te deixas influír facilmente e que es un pailán: que te deixas influír facilmente porque abonda con que diga unha vez a palabra “cárcere” para que soñes de inmediato con un, e que estás guillado porque é o que di o propio soño.

Ari e eu estabamos sentados á beira do río cun cordel dos de tender a roupa na man, tratando de pescar cun método que lle ensinara a súa moza. Xa levabamos dúas horas e non pescamos nin sequera un zapato, o cal o alteraba moito.

–Fíxate. No soño todos conseguen escapar porque se toman a vida á lixeira. Só ti, que estás todo o día a darlle voltas á cabeza, quedas paralizado. É un soño moi simple, case podería dicir que educativo.

Comezaba a refrescar e pregunteime cando se cansaría Ari da estupidez aquela da pesca, porque o certo era que eu xa había un bo cacho que estaba máis que farto, e resultaba bastante evidente que alí non había peixes.

–Aínda che digo máis –continuou Ari–. Non só o soño indica iso, senón tamén o feito de que o lembres e que despois mo contes. Hai moita xente que ten soños, e non todos montan semellante historia con eles. Eu tamén teño soños, pero non porfío en contarchos, e por iso son unha persoa máis feliz.

E como para demostralo, tirou do seu cordel e no extremo apareceu un peixe. Era un peixe ben pequeno e feo, pero abondou para inflarlle máis o ego, que xa estaba a piques de estoupar.

–Escoita por unha vez ao teu amigo: esquece un momento os soños e eses milagres infantís teus, e vai a por Lihi. Vive o momento. Que hai de malo? Está boa. Se cadra un pouco ausente, pero é moi optimista, e estou certo de que lle enches o ollo. E entre nós: nin ela vai atopar nunca a Deus para queixarse, nin ti vas atopar xamais o teu cadáver cachondo. Ambos os dous estades atrapados aquí, así que polo menos gozade un pouco un do outro.

Mentres falabamos, o peixe aquel tan feo, que se retorcia na man de Ari, transformouse noutro vermello e un pouco máis grande, aínda que non menos feo. Ari tirouno ao chan e esmagoulle a cabeza cunha pedra ata que deixou de moverse: outro dos trucos dos esquimós. El nin se dera de conta de que o peixe cambiara. Se cadra ten razón e en realidade non importa. Pero no tocante a Erga algo me di que está aquí, que basta con volver a cabeza para atopala detrás miña. E todo o cinismo de Ari non me moverá un milímetro, porque estou seguro de que a atoparei.

–Dime unha cousa –díxome Ari camiño da casa–. O Kneller ese de que vai? Por que anda sempre contento e abrazando a todo o mundo? Será maricón?

Capítulo dezanove

*No que Kneller celebra o seu aniversario,
e Haím e Lihi deciden proseguir a viaxe*

Estes últimos días chegou moita xente aquí, xa que vai ser o aniversario de Kneller e todo o mundo está tremendamente entusiasmado facendo doces, ou pensando en agasallos orixinais para regalarlle. Aquí, a maioría da xente nin sequera ten coordinación suficiente para facer dúas cousas ao mesmo tempo, e Lihi di que vai ser unha sorte se todo ese ímpeto creativo non termina en desastre. De momento xa había dous que se cortaran e un que picara todos os dedos mentres intentaba coserlle unha bolsa a Kneller. E logo está Jan, un astronauta holandés que saíu onte pola mañá cunha rede para cazar bolboretas dicindo que ía ao bosque na procura dun can novo para Kneller, e dende entón non soubemos nada del. Tamén Kneller parecía bastante emocionado. Pola noite, mentres preparabamos a mesa para a cea da festa, pregunteille cantos anos cumpría, e el púxose a tatear e acabou por admitir que non o lembraba con exactitude. Despois da cea e dos agasallos puxeron discos e a xente

ata bailou, coma nas festas de fin de curso. Incluso eu bailei unha peza con Lihi. A iso das catro da mañá alguén recordou que Kneller sabía tocar o violín, e que vira o instrumento tirado no galpón. Ao principio Kneller non quería tocar, pero axiña cedeu e tocou “Knocking on Heaven’s Door”. A verdade é que non entendo moito de música, pero na vida escoitara a ninguén tocar así. Non é que non desafinase, que desafinaba, senón que poñía todo o sentimento nas notas que tocaba. E non só eu o notei, senón que todos quedaron de pé en silencio, como cando soa a sirena o día en memoria dos soldados caídos. Ata Ari, a quen sempre lle gustaba molestar en momentos así, permanecía calado e cos ollos humedecidos. Despois díxome que era por culpa da alerxia, pero estaba clarísimo que era unha escusa. Cando Kneller rematou de tocar, ninguén tiña xa moita gana de facer nada. Case todos foron durmir, e eu e Lihi quedamos para axudar a limpar un pouco. Na cociña preguntoume se botaba de menos as cousas de antes de morrer. Díxenlle a verdade, que non era que devese por volver, pero que tampouco me lembraba de moito, á parte de Erga, e que agora que ela estaba aquí xa non estrañaba nada.

–Se cadra –díxenlle– un pouco a min mesmo, como era antes de morrer. Seguro de que estou a inventar, pero dalgún xeito lémbrome máis... non sei, máis algo... Xa nin diso me lembro.

Lihi dixo que ela botaba de menos todo, ata as cousas que odiaba, e que tiña que buscar o xeito de marchar de alí ao día seguinte, porque se quería atopar a alguén que a axudase debía seguir buscando. Díxenlle que tiña razón, e que tamén eu debería partir se realmente quería atopar a Erga. Rematamos de poñer a louza no vertedeiro pero ningún dos dous tiña moitas ganas de ir durmir.

Kneller estaba sentado no chan do salón xogando cos agasallos coma un neno, cando de súpeto entrou Jan todo alterado, sostendo na man a súa estúpida rede para bolboretas, e dixo que no outro lado do bosque vivía o Mesías e que tiña o can de Kneller de refén.

Capítulo vinte

No que Fredi se infla a kebabs baixo unha falsa identidade

Jan fitábanos, sen alento e todo colorado. Sentámolo no salón, levámoslle un vaso de auga e contounos que se perdera no bosque mentres buscaba un can novo para Kneller, e que ao final, cando saíu polo outro lado, viu un enorme chalé con piscina, e quixo pedirles aos donos que lle deixasen chamar por teléfono á colonia para que alguén o fose buscar. Pero no chalé non había teléfono, só moita música e ruído, e todos levaban unha cola no pelo e estaban bronceados e parecían australianos, agás as rapazas que paseaban sen a parte de arriba do bikini. Foron moi agradables e déronlle a Jan unha chea de comida, e dixéronlle que aquela era a casa do Mesías, e que todos eles pertencían ao seu grupo, e que ao Mesías só lle gustaba a música trance, por iso a escoitaban todo o tempo co volume a tope. Contáronlle tamén que o Mesías se chamaban Givón, pero que todo o mundo lle chamaba Giv, que era un nome que lle inventara unha chati, e a cousa gustara moito. Giv era orixinario dun outeiro de Galilea, pero xa había moito que vivía naquel

sitio, e anunciara que de alí a unha semana ía facer un milagre realmente significativo, non unha parvada desas que saen de casualidade. Estáballes prohibido revelar de que se trataba, pero ía ser algo verdadeiramente grande, e Jan estaba invitado a quedar a velo. Jan, que pouco a pouco comezou a acostumarse á música, estaba moi entusiasmado, en parte polo asunto do milagre, pero sobre todo polas rapazas en porrancho. Así que lle arraxaron un cuarto no chalé cun surfista bastante agradable que antes de espichala fora o encargado da sucursal do Hard Rock Café de Edmowntown, Nova Zelandia.

Pola noite todos foron nadar espidos na piscina, aínda que a Jan lle daba algo de vergoña e quedou fóra. Entón, de súpeto viu a Fredi, o can de Kneller, comendo kebab nun prato de plástico a carón da piscina. Jan explicoulles que Fredi era o can dun bo amigo seu e que se perdera había unhas semanas. Todos parecían algo confusos, xa que o Mesías adoptara ese can e dixéralles que era un xenio, e que incluso o ensinara a falar. Jan xa sabía que o can de Kneller era capaz dicir algunhas palabras, aínda que non as entendía moi ben, pero tamén sabía que o cadelo era parvo de todo. O que pasa é que non o quixo dicir para non ofender ao Mesías, que acababa de chegar.

Giv, o Mesías, era un home louro e alto, de ollos azuis e pelo longo, e tiña unha moza un pouco encorvada pero bastante guapa. Os dous escoitaron pacientemente a historia de Jan ata que ao final Giv dixo que se realmente era o can perdido estaría moi contento de devolvelo, e que había unha forma moi simple de comprobalo. Preguntoulle a Jan como se chamaba o can, e Jan díxolle que Fredi. Entón Giv chamou a Fredi, que xusto acabara de comer, e preguntoulle como se chama-

ba, e o parvo do can moveu o rabo e dixo “Sadam”, que era un chiste estúpido que aprendera sendo cadeliño dun marine que se suicidara no medio do adestramento e que despois vivira unha temporada na de Kneller. Jan tamén intentou explicar iso, pero parecía que Giv xa estaba convencido de que se trataba doutro can, e ademais Fredi daba todo o tempo mostras de non querer ir con Jan, porque na de Kneller nunca na vida lle deran kebab. Entón Jan pensou que o mellor era liscar de alí canto antes e explicárnolo todo.

–O Mesías, milagres significativos, música trance... –exclamou Kneller, anoxado—. Toda esa historia parece unha absoluta parvada. A única cousa que non me sorprende en absoluto é que Fredi non quixese volver: sempre dixen que ese can era un desagradecido.

Capítulo vinte e un

*No que Haím e Libi saen na procura do Mesías
e van dar por erro ao mar*

Ás sete da mañá, cando a maioría dos convidados á festa aínda durmían deitados na alfombra, Kneller detívose no medio do salón cunha mochila e dixo que non aguantaba máis e que quería ver a Fredi xa. Lihi e eu ofrecémonos a acompañalo. Lihi, a pesar de non crer totalmente todo ese conto do Mesías, dixo que non perdía nada por preguntarlles polos responsables e como podía atopalos, e eu pensaba que se realmente alí había tanta xente como dixerá Jan, podía ser un bo lugar para buscar a Erga. Ademais, coa coordinación de Kneller e de Jan non lles ía vir mal que alguén coidase deles. Kneller quería ir no coche dun amigo seu, pero Jan dixo que só sabía chegar a aquel lugar a pé. Así que o seguimos polo bosque máis de dez horas, ata que comezou a escurecer e el mesmo admitiu que estaba perdido. Kneller dixo que iso era un bo sinal, porque a vez pasada Jan tamén se perdera, e para celebralo sacou unha cachimba da mochila. Jan e el déronlle catro caladas cada un, e caeron fulminados. Namentres, Lihi e eu deci-

dimos xuntar unhas poucas pólas secas para acender unha fogueira. A única luz que tiñamos era o chisqueiro que lle colleramos a Kneller, que durmía coma un cativo. Cando nos afastamos un pouco del e de Jan, que roncaba ao seu carón, comezamos a escoitar un son, un pouco arredado, de algo rompéndose pero que ao mesmo tempo resultaba tranquilizante, e Lihi dixo que lle parecía o mar. Avanzamos nesa dirección e, en efecto, despois duns centos de metros chegamos ao mar. Era estraño, pero na colonia ninguén, nin sequera Kneller, mencionara nunca que estivesemos preto do mar. Quizais non o soubesen; talvez non o soubese ninguén, fóra de nós. Antes de espichala, eu adoitaba ir moito ao mar, case que todos os días. E cando me lembrei diso comprendín mellor todo o que dixerá Lihi o día anterior sobre botar de menos algunhas cousas e a necesidade que tiña de volver. Conteille a Lihi que o pai de Ari lle chama a este sitio “As Tebras”, e que aquí a xente non ten desexos de nada, que a maior parte do tempo que estás xunto a eles sentes que todo está ben, cando o certo é que xa estás medio morto. E Lihi riu e dixo que a maioría da xente que coñecía, incluso de antes de morrer, estaba medio morta ou morta de todo, de xeito que a miña situación era relativamente boa. E cando dixo iso tocoume, coma se fose sen querer, pero non o era.

Sempre tiven a esperanza de que se chegaba a traizoar a Erga algunha vez, fose cunha moza realmente fermosa, de xeito que despois, cando me arrepentise, puidese consolarme coa idea de que era tan fermosa que ninguén sería capaz de dicirlle que non. E a verdade é que Lihi era exactamente así. E esa noite, cando me tocou, sentín que ela tiña toda a razón, e que a miña situación era, en efecto, relativamente boa.

Capítulo vinte e dous

No que Kneller lle di a Fredi toda a verdade á cara

Lihi e eu espertamos co abrente, ou a dicir verdade, cos berros de Kneller. Abrimos os ollos, rodeados pola praia, que xa non era propiedade privada nosa. Non é que houbera ninguén, senón que coa luz podíamos ver que estaba chea de condóns usados. Aboiaban na superficie da auga coma medusas, afundíanse na area ao noso redor coma ostras, e todo se encheu de súpeto co cheiro de látex usado que, dalgún xeito, pola noite conseguira engulir o cheiro do mar. Fixen un esforzo por non golsar, por Lihi, e aperteina forte, forte. Deitámonos así, sen movernos, non sei canto tempo, coma unha parella de turistas pegados a un chan cheo de minas e agardando a que os rescaten.

–Velaí os están! –dixo Kneller saíndo de socato de entre as árbores–. Xa me estaba preocupando. Por que non contestades cando vos chaman?

Guiounos a un lugar onde podíamos durmir con Jan, e polo camiño explicounos que aquela praia fora noutrotra a das putas e dos drogadictos, só que co tempo se fixera tan repulsiva que ata eles deixaran de ir.

–Non me digades que durmistes aí de verdade –dixo cargando a cella mentres Lihi e mais eu nos sacudiamos a area e todo o que se nos pegara á roupa–. Para que?

–É que nos gusta o mar –dixo Lihi, esbozando un sorriso.

–O que vos gustan son as enfermidades –corrixiu Kneller, sen deixar de andar enerxicamente–. Agora espero que Jan non liscase sen nós.

E a verdade é que Jan liscara, pero antes de que lográramos preocuparnos por el, chegou correndo, dicindo con satisfacción que dera atopado a casa do Mesías e que estaba moi preto. O chalé do Mesías era realmente grande, coma esas casas que Erga sempre me amosaba cando iamos visitar aos seus tíos en Cesarea, esa clase de sitios que ademais de piscina, pista de squash e jacuzzi sempre teñen un refuxio nuclear no soto. Cando chegamos había máis de cen persoas xunto á piscina, nunha festa metade cóctel e metade buffet que seica comezara xa a véspera. Había moito *freak*, moito surfista, moito ricacho e todo tipo de xente, e todos parecían bastante colocados. E entre todos os convidados estaba Fredi, facendo volteretas, poñendo cara de ser moi desgraciado e obrigando a todo o mundo a darlle de comer. Cando Kneller o viu, toleou. Parouse fronte a el e comezou a berrarlle que como se comportara así con el, aínda por riba o día do seu aniversario. Díxolle que era un desagradecido e recordoulle toda clase de detalles vergonzosos de cando aínda era un cadeliño, mentres Fredi o miraba con calma e engulía tranquilamente unha ración de sushi, coma se fose un vello iemení mascando *qat**.

* *Qat*: planta estimulante que se masca, de xeito semellante ao tabaco ou a folla de coca, consumida tradicionalmente en Iemen e no norte de Etiopía. (N. do T.)

Os que estaban ao seu redor trataron de facer acougar a Kneller, e dixéronlle que Giv arranxaría todo nun momento. Pero como viron que iso non servía de nada trataron de interesalo no milagre significativo que ía realizar o tal Giv, o cal só conseguiu poñer a Kneller aínda máis nervioso. Namentres, Lihi e eu quedamos a un lado e lanzámonos sobre os aperitivos, porque xa levabamos un día enteiro sen comer nada. Había moitas cousas que nos queriamos dicir e que non dicíamos por culpa do balbordo e o ruído que había, pero estaba claro que non era só por iso. Entón, de súpeto, chegou Jan dicindo que Giv e a súa moza querían que Kneller e Fredi fosen ao salón, a ver se entendía o que pasaba, e que era mellor que fósemos nós tamén, porque Kneller asegurara que ía montar unha lea das boas. Xa antes de entrar oímos os berros de Kneller e unha voz canina baixiña que de cando en vez murmuraba:

–Tranqui, home, tranqui.

Tamén puideron identificar a voz de Erga.

Capítulo vinte e tres

No que Haím atopa finalmente a Erga

Non sei cantas veces soñei con ese encontro, polo menos un millón, e sempre saía ben ao final –e non era que non imaxinase todo tipo de complicacións, que si que as imaxinara–, de xeito que non importaba o que pasara ou o que ela dixera, porque estaría preparado. Erga recoñeceu-me inmediatamente, veu correndo onda min, apertoume e botou a chorar. Presentoume a Giv, que me deu a man e me dixo que oíra falar moito de min. Pareceume unha persoa moi agradable. Entón presentei a Erga e a Lihi entre si, o cal resultou un pouco embarazoso. Lihi non dixo nada, pero vin que malia o complicado da situación, se alegraba por min. Erga e eu deixamos a todos na sala e saímos á terraza. Dende a porta puidemos escoitar a Kneller dando un discurso, e a Giv, que segundo parecía xa había tempo que dera a Fredi por perdido, murmuraba palabras de asentimento. Erga contoume o que pasara despois do meu suicidio: que non sabía que facer da súa vida, que se sentía tan culpable que quería morrer. E mentres falaba, comprobaba que estaba exactamente

igual a como a lembraba, co mesmo corte de pelo e todo. Menos o porte, quizais, que se me facía algo raro, xa que se tirara do tellado do hospital materno infantil. Erga contoume que despois do meu funeral foi a Galilea, e que chorara sen parar durante todo o camiño, e que cando chegou ao mirador, a primeira cousa que vira fora a Givón, e no mesmo instante en que o viu relaxouse e deixou de chorar. Non é que deixara de estar triste, pero a tristeza xa non era histérica e transformárase en algo que sen ser menos profundo, se podía aturar mellor. Givón cría que todos estabamos atrapados no mundo dos vivos, e que hai un mundo superior ao que el podía chegar, e no mirador había outras persoas que crían nos seus poderes. Dúas semanas despois de que ela e Givón se coñecesen, el decidiu romper a relación entre o seu corpo e a súa alma, e introducirse no outro mundo, para retornar despois ao seu corpo e amosarlle a todo o mundo o camiño; pero algo fallou e a súa alma nunca regresou. No hospital confirmaron a súa morte definitiva. Ela sentiu que a chamaba dende o lugar ao que chegara, de xeito que subiu no ascensor ata o tellado e saltou dende alí, para estaren xuntos. E agora estaban xuntos outra vez, e Givón ía facer de novo o que intentara en Galilea. Coa diferenza de que esta vez ela tamén estaba segura de que o conseguiría, e que atoparía o camiño que o levaría a ese mundo, e volvería para amosarllelo a todos. Tras isto díxome unha vez máis o importante que eu era para ela, e que sabía que me ferira, pero que non se deu de conta de canto ata que me suicidei, e que estaba contenta de poder verme outra vez para pedirme perdón. E durante todo ese tempo non fixen máis ca sorrir e asentir coa cabeza. Cando soñaba con aquel encontro imaxineina moitas veces con outro, pero en todas esas ocasións eu

pelexaba, dicíalle canto a amaba, que ninguén a amaría así, e acariñábaa e tocábaa ata que se me rendía. Pero cando ocorreu de verdade, na terraza, só desexaba chegar á parte na que ela me daba un bico amigable na meixela e todo acababa así. E como para salvarme, de súpeto oíuse un gong e Erga explicoume que tiñamos que regresar, porque iso significaba que Givón comezaría nun intre, e en vez dun bico conformouse cunha aperta.

Capítulo vinte e catro

No que Giv promete facer un milagre significativo

Cando volvemos á sala, Lihi e Kneller xa non estaban alí. Giv, que agora vestía unha túnica bordada, dixo que xa estaban embaixo, e cando baixei a buscalos á piscina vin o público separado en homes e mulleres. A Kneller axiña o atopei, e de lonxe tamén puideren ver a Lihi, que me acenou coa man como preguntando que tal fora a cousa. Non se me ocorreu ningún xesto que explicase o que pasara con Erga, e quixen facerlle ver que a amaba, pero pareceume unha copia demasiado mala do que se ve nas películas, así que só sorrín e indiqueille cun aceno que xa falaríamos máis tarde. Kneller dixo que ela lle preguntara algo a Giv sobre como regresar ao mundo dos vivos, e Giv seica lle dixera que era unha perda de tempo e que el lle ía amosar a todo o mundo o camiño a un mundo mellor, e cando saíron ela díxolle que o Giv ese lle parecía un imbécil.

A música estaba a tal volume que case nin puideren oír a Kneller. Riuse un pouco de min e de Lihi, e dixo que era a primeira vez que daba con xente aínda máis inocente ca el: eu cos meus milagres e ela cos seus soños.

–En vez de suicidarvos –berrou–, debestes viaxar a California.

Entón vin que acariñaba a Fredi, o que significaba que todo o conflito entre eles rematará. Givón subiu ao escenario coa túnica e Erga foi detrás del sostendo un deses coitelos curvos, como nas ilustracións de Abraham sacrificando ao seu fillo que saen nos *Relatos bíblicos para nenos*. Entregoulle o coitelo a Givón e a música parou cun “bum”.

–Que é toda esta estupidez? –murmurou Kneller ao meu carón–. O nacho ese xa está morto. Que quere facer agora? Morrer por segunda vez?

Os que estaban diante de nós deron a volta e mandárono calar. El non fixo puto caso, pero eu non sabía onde meterme. Entón dixo que apostaba que Giv nunca o faría, porque quen xa se suicidou unha vez e sabe o que doe, non o volve intentar. E no mesmo instante en que acabou de dicir iso, Giv colleu o coitelo e chantouno no corazón.

Capítulo vinte e cinco

No que chega unha Transit branca e comeza a lea

É estraño, pero a pesar de que todas as persoas que estaban ao redor da piscina sabían en todo momento o que ía pasar, todos nos sorprendemos. Houbo un silencio, e despois murmurios entre o público. Erga berroulles a todos dende o escenario que estivesen tranquilos, porque Giv volvería en calquera momento ao seu corpo, pero os rumores entre a multitude non cesaron. Namentres, vin que Kneller lle murmuraba algo a Fredi e que logo lle falaba ao seu acendedor, e ao cabo duns segundos chegou unha Transit branca que parou xunto ao chalé, e dela saíron dous homes altos e delgados que vestían uns monos brancos, un deles sostendo un megáfono. Kneller correu cara a eles e comezou a falarlles facendo grandes ademáns. Abrinme paso a empurróns en dirección ao sitio no que estaban as mulleres para buscar a Lihi, pero non a vin por ningures. O home do megáfono pediulles a todos que se dispersasen en silencio. No escenario, Erga estaba sentada xunto ao cadáver de Giv, chorando. Vin que intentaba chegarse ata o coitelo, pero o outro fulano do mono

adiantóuselle. Colleu o coitelo, cargou o cadáver de Giv ao lombo e fíxolle un aceno a Kneller para que escoltase a Erga ata o coche. O home do megáfono volveulles pedir a todos que se dispersasen. Algúns comezaron a marchar, pero moitos quedaron paralizados no lugar. Entón dexerquei a Lihi a carón do fulano do megáfono. Ela viume tamén e intentou vir onda min, pero o condutor da Transit, que tamén levaba un mono e falaba nunha especie de radio, díxolle que se achegase. Lihi indicoume cun aceno que axiña viña onda min, e eu comecei a avanzar para chegar ao vehículo, empuxando á xente que estaba polo medio. Pero antes de que conseguise achegarme, Kneller, que tiña a Fredi debaixo do brazo, e o fulano do megáfono subiron na Transit e partiron. Puiden ver a Lihi pola xanela intentando berrarme algo, pero non dei entendido o que. Foi a última vez que a vin.

Capítulo vinte e seis

E con ese típico ton optimista

Estiven alí esperando durante unhas horas, porque ao principio pensei que a Transit só fora deixar a Giv e a Erga nalgures, e que Lihi volvería axiña. Había máis xente alí. Todos estaban desconcertados e ninguén entendía o que pasara realmente. Sentámonos nas hamacas que había ao redor da piscina sen dicir unha palabra. Pouco a pouco a xente foi marchando, ata que me dei de conta de que quedara só, e púxenme a andar en dirección á casa de Kneller.

Cando cheguei xa era de noite. Ari contoume que Kneller irrompera na casa para coller unhas cousas, díxerlles a todos que podían quedar todo o tempo que quixesen e despois quixo falar a soas con Ari e pediulle que coidase de Fredi. Reveloulle que en realidade el nunca morrera, e que durante todo aquel tempo fora un anxo encuberto, pero que agora, por culpa de toda a marfallada do Mesías, xa se descubrira, de xeito que volvería ser un anxo normal. Con respecto a Giv, díxolle que non o enve-xaba, porque se este lugar parecía unha merda, o sitio dos

que suicidan por segunda vez era mil veces peor, porque hai moita menos xente e están todos guillados. Pregunteille a Ari se Kneller dixera algo sobre Lihi, e ao principio dixo que non, pero despois comentou que Kneller lle dixera que no medio de toda aquela lea, Lihi achegárase a un dos empregados de Kneller e pediulle que revisase o seu expediente, e aínda que pareza increíble, resultou que efectivamente se producira un erro lamentable, e que ningún sabía que facer con ela, pero que había bastantes posibilidades de que a sacasen de alí e a devolvesen á vida. Ari dixo que ao principio non mo quería dicir para que non me deprimise, pero que en realidade era unha boa noticia, porque Lihi chegara a onde quería.

Ari decidiu quedar na casa de Kneller coa súa amiga, e eu regresei á cidade só. De camiño incluso conseguín facer un milagre de pura potra, e só cando pasou comprendín o que Kneller intentara explicarme sobre a pouca importancia que iso ten. Ari deume un paquete para que llo entregase aos pais, e cando cheguei eles alegráronse moitísimo e pedíronme que llelo contase todo, en especial o tocante á moza do seu fillo. O pai dixo que cando falaban por teléfono Ari parecía moi contento, e que toda a familia se estaba preparando para ir visitalo o mes seguinte. Namentres, invitáronme a cear con eles o venres, e tamén pola semana, ou cando eu quixese. Tamén na pizzería Kamikaze se alegraron de que volveuse, e incorporáronme de inmediato á quenda de traballo.

Polas noites xa non soño con Lihi, pero si que penso moito nela. Ari di que é o meu destino: obsesionarme coas rapazas coas que non teño ningunha posibilidade. Pode ser que teña razón, e que as posibilidades sexan realmente escasas. Pero por outra banda, ela unha vez díxome que un que está medio morto era dabondo para ela, e cando

subiu á Transit fíxome un aceno de que volvía axiña, así que vai ti saber. Polo si ou polo non, cada vez que comezo a miña quenda fago algunha cousiña: poño a chapa co nome ao revés, ato mal o mandil, calquera cousa, para que se entra algunha vez non estea triste.

ÍNDICE

A historia do condutor que quería ser Deus ..	7
A loucura de Nimrod	15
Un cóctel típico do inferno	43
A Matriz	51
A colonia de vacacións de Kneller	57

